
Documentando o Camiño Francés

ao seu paso polos lugares de Cheiván e San Antonio da Pena Eiriz, pertencentes á parroquia de Santa María de Vilavella, na antiga xurisdición da Vila das Pontes de García Rodríguez, e a súa relación coa Graña de Goente, e coa de San Miguel de Mera en San Xoán de Ínsua



Xosé Carlos Breixo Rodríguez

Cronista oficial de Ortigueira



Resumo

Con esta achega preténdese complementar algúns traballos anteriores dedicados ao estudo do paso do Camiño Francés polas terras da antiga xurisdición da vila das Pontes, concretamente do tramo que pasaba polo Castro da Uz e polas proximidades do de Cheiván; e tiña continuidade co que se dirixía a San Pedro de Anca, Caaveiro, Pontedeume, Monfero, San Xiao dos Ósos, ou a Santo André de Teixido; enmarcado todo no estudo dos camiños históricos desta zona, e no das terras dos concellos limítrofes; traballos que foron publicados nesta revista nos números 3, 11 e 13, aos que poden ter acceso os lectores e lectoras que o desexen*.

Así mesmo abórdanse, brevemente, as relacións dalgúns deses mosteiros coa comarca, así como cos santuarios, ermidas e granxas vencelladas con eses grandes mosteiros, como foron os de San Martiño de Xubia, San Xoán de Caaveiro, Santa María de Monfero, Santa María de Sobrado, Santa María de Oseira, Santa María de Meira; e tamén cos santuarios da comarca coma os de San Xiao dos Ósos, Santo André de Teixido ou San Paio dos Freires, entre outros, e co camiño que os comunicaba entre si e mais coas vilas próximas e coa cidade de Santiago de Compostela, onde se veneraba o gran patrón: o apóstolo Santiago, tendo o Camiño Francés como vía de referencia e paso.

Palabras clave

Camiño Francés, Fronzal, San Antonio da Pena Eiriz, Cheiván, San Xoán de Caaveiro, Santa María de Monfero, San Miguel da Mera, peregrinos, romarías, milagres, Ordes relixiosas, priorados, granxas.

- * BREIXO RODRÍGUEZ, X. CARLOS (2010): «O Camiño Francés ó seu paso polas vilas de Neda, As Pontes e Santa Marta de Ortigueira». *Hume historia: revista de estudos locais*, 3, pp. 35-55.
- BREIXO RODRÍGUEZ, X. CARLOS (2018): «A importancia do territorio na antiga rede viaria, miliarios, aras, deuses, castros, portos e outros asuntos». *Hume historia: revista de estudos locais*, 11, pp. 241-295.
- BREIXO RODRÍGUEZ, X. CARLOS (2020): «O castro da Uz, A Seara e Bidueiros; lugares no Camiño Francés ó seu paso polas Pontes de García Rodríguez, citados no testamento de Alonso da Bouza, que foi outorgado no ano 1965 un pouco de historia e de etnografía aplicada». *Hume historia: revista de estudos locais*, 13, pp. 321-364



Casa y lugar de Cheivan [...] testa dho lugar pr la parte de arriba y de la mar en el Camino Franzes que va de san Antonio de la Pena Eiriz para el Fronzal.

1. O Camiño Francés como denominador común

Ao afondar na investigación acerca do significado e da función do Camiño Francés por esta zona topámonos con que se repetía o que se daba por outras terras, para con determinadas vías; é dicir, co mesmo nome e coa mesma función, ao ser un camiño histórico que se estendeu pola cornisa cantábrica,¹ por Galicia e por moitas zonas de Navarra, Castela ou León;

1 MERCAPIDE, Nemesio (1980): *Guarnizo y su Real Astillero*. Santander: Institución Cultural de Cantabria - Diputación Provincial de Santander. Páx. 22 e ss. D. Nemesio opina que «la Orden Benedictina tenía diseminada por toda Europa en el siglo X, una extensa red de monasterios [...] Las primeras peregrinaciones a Santiago, ya eran frecuentes en en el siglo X, alcanzaron un incremento inesperado en los siguientes X y XII. La primera ruta fue marítima; la segunda ya terrestre, seguía la cornisa del Cantábrico; la tercera iba por el sur de la cordillera aunque bien pegada a ella por los valles de Álava y Asturias, y, finalmente, la cuarta es la que aún se utiliza, Logroño-Santo Domingo de La Calzada-Burgos etc., o sea que por ser muy penosas las primeras iban desviándose hacia el Sur, a medida que se alejaba la presencia de sarracenos a su paso»; e na páxina seguinte di




pois o mesmo podemos atopar o nome de Camiño Francés en Burgos, León, Oviedo, Xixón, Castropol, Ribadeo, Viveiro, Vilalba, Ortigueira, As Pontes, Trasancos, Betanzos, A Coruña, Sada, Gandarío, na zona do Ulla, en Pontevedra, en Ourense ou ao longo da Costa da Morte.

Por esta parte do noroeste de Galicia tense constancia da fundación de mosteiros entre os séculos X e XII, e de como aparecen diversas Ordes relixiosas que seguen a Regra de San Benito, *Regula sancti Benedicti* ou *Régula monasteriorum*, que reciben doazóns e fundacións por parte de membros da nobreza, a favor, primeiro dos cluniacenses, e despois dos cistercienses, Orde esta última na que se integran a maior parte deses mosteiros a partir dos anos corenta do século XII. No caso de San Martiño de Xubia e de San Xoán de Caaveiro xa contamos con datos desde os séculos X e XI, respectivamente, achegados por algúns documentos. Nin nos primeiros documentos que aparecen nas Coleccións Diplomáticas deses mosteiros, nin na de San Martiño de Xubia,² nin na de Santa María de Sobrado, nin na de Oseira,³

«Precisamente para defender estas primeras rutas jacobeanas de los ataques musulmanes (e normandos), el famoso arzobispo de Santiago Diego Gelmírez creó una flota servida de pisanos y genoveses elegidos entre los propios peregrinos fue la flota española digna de tal nombre». O citado autor navarro non cita fonte algunha pero expresa una opinión que non carece totalmente de creto, se ben se pode criticar e matizar.

- 2 A publicación desa colección foi presentada e defendida, como tese doutoral, por D. Santiago Montero Díaz o 19 de decembro do ano 1934, sendo cualificada de sobresáinte que diante dun novo tribunal, o 28 de febreiro do ano 1935, recibiría o Premio Extraordinario da Facultade de Filosofía e Letras (Sección de Ciencias Históricas). Na colección que acabamos de citar os primeiros documentos tratados arrincan no ano 977, e prólónganse ata o ano 1526. Será, como se pode ver ó longo deste traballo, a partir do século XV cando apareza o nome do Camiño Francés como elemento común entre varias parroquias e posesións do citado Mosteiro e as vilas máis próximas, comunicadas con Santiago de Compostela mediante ese camiño que, sabemos, ten moitos ramais.
- 3 Na información achegada polo Cronista Oficial de Cedeira, D. Rafael Usero González, que agradecemos enormemente, da Colección Diplomática do Mosteiro de San Juan de Portomaín, e do mosteiro de Santa María de Oseira, relativa aos foros de Cedeira e Régoa do ano 1550 e do 1585, compróbase a existencia e o paso do Camiño Francés polas terras dos actuais concellos de Moeche e de Cerdido, comunicándose co que ía a Santo André e co que viña e ía de Santa Marta de Ortigueira para (ou de) San Pedro de Anca. Ese Camiño era tamén o que pasaba polas Pontes de García Rodríguez, polas Somozas, por Moeche e polas terras do coutos de Malados, con granxas e ermidas intercaladas e próximas a el, como as de San Roque do Camiño, nas Somozas, ou o santuario de San Xiao dos Ósos en

figura o nome do Camiño Francés; referímonos aos séculos X, XI ou XII, senón que ese nome aparecerá máis tarde, concretamente no XV. Se aparecen datos relacionando o apóstolo Santiago como patrón de varias parroquias desta zona, como son, por exemplo: Santiago de Francia ou *Sancti Jacobi de Francia* —onde houbo un mosteiro dese nome citado nun documento da Colección Diplomática de San Martiño de Xubia do ano 1114, no que tamén aparece o nome de *Brion*, do que falaremos—, Santiago de Barallobre, Santiago de Bermún, Santiago Sere da Somozas, Santiago de Lago, Santiago de Abade, Santiago de Landoi, Santiago de Cuíña etc.; por onde comprobamos documentalmente a existencia do mesmo a partir do século XV, camiño de peregrinación, ou ben estaba relacionado cos principais centros de culto relixioso da comarca.



Mosteiro de San Martiño de Xubia

Labacengos; ou tamén polas proximidades da ermida de Santa Alla, xa no couro de Malados, situada entre o lugar das Barbelas e o dos Castros. Patróns e patroas que foran postas *ex profeso* para santificar esta antiga ruta, poida que milenaria, pois discorría ó lado de *moimentos* ou mámoas, pedras chantadas, pedras escritas, e outros restos de similar ou parecida función, propios de culturas precristiáns. Outro tanto acontece coa presenza do mosteiro de Sobrado pola Terra de Trasancos. Pensamos que o nome do Camiño Francés foi un froito da evolución histórica relacionada coas vías que proviñan de Francia, tradición de peregrinación traída e levada polas ordes relixiosas dirixidas ao culto aos grandes patróns e patroas, aos santos e ás reliquias, ás que se lles atribuían milagres a moreas; o que se espallaba tamén traveso das romarías e da peregrinación ao Gran Patrón Santiago mediante oficios relixiosos diversos e continuos.



Así como o mosteiro de Xubia tivo unha relación moi directa coa Terra de Trasantos, os de Caaveiro e o de Monfero tiveron unha fonda relación con Ortigueira, Cedeira e coa zona das Pontes, como se pode comprobar polas colacións diplomáticas dos citados mosteiros e a súa relación das diversas propiedades que proveñen de doazóns daquela incipiente nobreza galega, na que algúns dos seus membros teñen amosado a vontade de ir, en peregrinación, a Xerusalén; como o fixo por escrito Menendo Rodríguez (e non sería o único), fillo do Conde Rodrigo Froilaz e de Guncina González, no ano 1137, doando parte dos seus bens ao mosteiro de Xubia; nobreza que posuía a maior parte do territorio e que non dubidaba en realizar doazóns de moitas das súas propiedades aos mosteiros anteditos; razón pola cal estas congregacións relixiosas se irían facendo cun extenso patrimonio pola comarca, e mesmo fóra dela.

Como xa se dixo en traballos anteriores a este, citados ao comezo da presente colaboración, son varios os nomes de lugares e de parroquias da antiga xurisdición das Pontes os que aparecen nesas coleccións, e polo medio desas parroquias e deses lugares, e das ermidas que se erguían ao seu carón, pasaba o Camiño Francés con diversos ramais; eran camiños de romarías e de peregrinacións que se dirixían aos citados mosteiros e que o comunicaban co Camiño Francés de Santiago, camiños que atravesaban case todo o territorio galego onde Santiago tiña prédica dabondo e o elenco de santos e de santas, espalladas polas ermidas e santuarios de Galicia, tamén.

1.1 A función do Camiño Francés a debate. Desde Asturias a Galicia

A función dese camiño xera controversia, ou pode xerala, pero se nos remitimos ás máis antigas descrições que del se fan en diversas publicacións, vemos que son varios os autores que a relacionan cunha antiga vía de peregrinación que provén de Francia e entra na península Ibérica por varias zonas, sendo as máis usadas as que entran, por dúas vías, por terras dos

Reinos de Navarra e o de Pamplona (que integraba, a finais do século XII, o Condado de Gascaña, que recibira en dote Leonor Plantagenet ao casar co rei de Castela, Afonso VIII, territorio que na actualidade pertence a Francia, continuando vinculado, por vía dinástica, ao citado reino, ata os séculos XV e XVI), pasando polos da Coroa dos Reinos de Castela e polo de León e Galicia. Ademais desta, existía outra vía, posiblemente a máis antiga, que con ese mesmo nome que viña ao longo da costa cantábrica, pasando por Asturias, para entrar en Galicia pola zona de Ribadeo, ou tamén polo Camiño Francés que, procedente de Oviedo, pasaba por Castroverde. As referencias documentadas dese Camiño Francés son moitas, e non admiten lugar a dúbida da súa existencia e nome, nin tampouco coa función desempeñada. Oviedo foi capital do Reino de Asturias e nesa cidade estaba a Cámara Santa, a catedral e, a pouca distancia desa capital, San Miguel de Lillo, Santa María de Naranco, San Salvador de Cornellana, ou Santullano; igrexas e mosteiros que tamén eran fortalezas e estaban nesa antiga ruta, ou próxima a ela, do Camiño Francés que aparece nos documentos, coñecido, na actualidade, co nome de Camiño Primitivo.

O coñecemento que da costa cantábrica e da atlántica de Galicia tiñan os cartógrafos dos séculos XIV, XV e XVI, maniféstase practicamente na visión dos mapas da época, coma por exemplo no chamado *Atlas Catalán* de Abraham Cresques⁴ do ano 1375; no de C. Ptolomeu, F. Berlinghieri e N. Tedesco, *Hispania Novella*, editado nos Países Baixos no ano 1482; ou os que se editaron co mesmo título posteriormente; que aínda que sexa unha representación dos inspirados por Ptolomeo, aparecen os nomes das principais vilas e portos da costa galega por esa época. Lugares de paso, ou de desembarco de mercadorías, pero tamén de peregrinos a Santiago e a outros lugares, onde se situaban os primeiros portos, onde podían desembarcar os peregrinos procedentes do norte,⁵ como era o caso de: Ribadeo, Foz, Viveiro, Santa

4 Biblioteca Central de Barcelona.

5 Como acontecería con algún dos navíos da II Cruzada, no ano 1147, que fixeron unha parada en Viveiro e en Ortigueira, na que viñan cruzados de varios reinos, entre eles dos de Francia, Inglaterra e Alemania, Cruzada que impulsaría o propio Bernardo de Claraval, mediante a



Marta de Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Neda, Sada ou A Coruña, por citar tan só algúns dos máis representativos e coñecidos.

Por esta ampla comarca que na antigüidade constituían os antigos territorios de Trasancos, Labacengos e Arros (Ortigueira), os cales mantiveron o nome como arciprestados ata o século XII en adiante, atopámonos co asentamento de varias ordes relixiosas de Cluni, primeiro, e despois do Císter. Esas ordes relixiosas tiveron un interese particular para asentarse tanto no interior como na costa, e facelo fundando granxas e levantando ermidas; caso por exemplo dos mosteiros de San Xoán de Caaveiro, Sobrado dos Monxes, Oseira, Santa María de Monfero ou de Santa María de Meira, especialmente. Foi por esa causa pola que chegaron aos nosos días os restos desa labor, tanto relixiosa como repoboadora, dalgunhas desas zonas moi próximas ao mar. Os casos, por exemplo, da existencia das ermidas de Santo Andrea de Brión,⁶ de San Cristovo da Graña, de Santo André de Teixido, de San Xiao do Trebo, San Vicente da Illa, San Miguel da Coelleira ou San Miguel das Negradas, non é casual, senón que existe unha causa que o xustifique. A existencia desas ermidas ou pequenos santuarios xa se constata desde o século XI en adiante, xa que os datos chegaron a nós mediante algunha das coleccións diplomáticas dos mosteiros aos que pertenceron, e o nome do Camiño Francés que comunicaba os santuarios citados comeza a aparecer na documentación a partir do século XV, estendéndose no XVI e XVII, sobre todo. Pensamos que foi a raíz da peste negra do ano 1347-1353 cando se incrementaron as visitas a estes santuarios, as cales tiveron como

predicación por varios reinos, o cal tivo moito que ver con esta parte de Galicia na que se asentaron os cistercienses, concretamente no mosteiro de Monfero, e noutros.

- 6 LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid: Servicio De Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia. No tomo II transcribense varios documentos mediante os cales coñecemos as propiedades do citado mosteiro, as cales ían desde Vilafranca, na comarca do actual Bierzo (por onde entraba o Camiño Francés, ou de Santiago, que recolle o Códice Calixtino) ata o mesmo cabo Prior, na Terra de Trasancos, nas proximidades do cal se erguía a ermida de Santo Andrea de Brión, e a graña do seu nome, polo que os monxes de Sobrado coñecían este camiño á perfección e conseguían así unha saída ao mar, e unha entrada. Outro tanto acontecía coas propiedades que recibía «in territorio de Nemitus inter duos flumina Mero et Mandeu», concretamente en Santa María de Olleiros e as de «Suniero», Soñeiro (freguesía próxima a Sada, por onde documentamos tamén o nome do Camiño Francés no século XVII). *Ob. Cit.*, Doc. 336 e ss.

punto de encontro o Gran Patrón Santiago, coa catedral do seu nome erguida en Compostela. Camiños a Compostela de ida e volta, e cunha amplísima gama de santos e santas cristiáns para acompañar a Santiago diante do deus único, en quen crían ou estimaban crer, a falta doutros remedios que eran insuficientes para libralos dos seus males e pesares varios, que de todo padecían.



Illa Coelleira

1.2 O Camiño Francés pola Terra de Trasancos

Comentaremos só algúns deses camiños, como o Camiño Francés que chegaba a Santo André de Brión,⁷ pasando pola Graña dese nome, pertencente ao mosteiro de Sobrado dos Monxes, e atravesaba boa parte da Terra de Trasancos ata enlazar cos camiños que, procedentes de diversas partes, ían e viñan a Compostela pasando por Pontedeume⁸ e Betanzos; e na Terra de Tra-

- 7 Varios son os documentos forais que citan ese nome, algúns do XV e outros do XVI, que copian algúns datos dos anteriores, como é o feito no 1562 no que figura a seguinte cita: «de un pardiñeiro sito en la aldea de Brión, xurisdición de la Graña, con una cortiña e salido que tiene con arvoles con un pequeno monte sembradura una fanega e media de pan, todo lo que allí ay dentro, que hes de dho Monasterio, e testa de una parte no Camiño francés que vae para Graña ao longo do rigeiro e a dar o que vaixa, ó longo das heredades de Leonael Grúa como perteneciente a dho pardiñeiro». O foro fíxose a favor de Fernando de Chanteiro e á súa dona Beatriz de Andrade, que vivían na freguesía de Santalla de Ciro, «que esta cima de la Puente deume».
- 8 Algunha destas citas é moi explícita como a que aparece nun documento de permuta feito entre Gerónimo Fajardo de Andrade, veciño de San Salvador de Maniños, e Pedro de Lago de San Martiño de Andrade, feita o 28 de novembro do ano 1673: «de 13 jornales de viña en dos piezas en dha feligresía de Andrade, donde llaman Viñobre, la una de 10 jornales, y la otra tres, **testan en el Camino Francés que viene de dha feligresía para la Puente deume** en hacienda del Licenciado Alonso Pita da Veiga y en la chousa da iglesia». AHN, Arriendos, foros y títulos de hacienda y propiedades, Signatura: CLERO-SECULAR_REGULAR, L.3150. Código de referencia ES.28079.AHN/3//CLERO-SECULAR_REGULAR, L.3150. Libro 9, fol.



sancos, e a súa contorna, polos principais núcleos de poboación comezando, neste caso, polas parroquias máis próximas a Brión como, Santa Icíá,⁹ San Xoán de Piñeiros, pasando tamén polas vila de Neda, Pontedeume etc.

1.3. O Camiño Francés polas terras de Moeche e do couto de Malados

Dos santuarios de San Xiao de Valmitiriz, ou dos Ósos, e dos de Santo Andrés de Teixido¹⁰ e de San Xiao do Trebo pertencentes, por este orden, aos actuais concellos de Moeche, Cedeira e Cariño, podemos dicir o mesmo; santuarios ou ermidas que pertenceron a distintos mosteiros e ordes como as de Oseira, Sobrado, ou Portomarín e que, entre todos os camiños posibles para acceder a eles tamén estaba o Camiño Francés que empalmaba co de Teixido, como figura nun documento do ano 1550¹¹ pola declaración dun testigo chamado Alonso de Piñón «e declaró que el tiene e posee por biens de la encomienda de Portomarín el casal das cavanias y el casal das cadrilleiras y por que el nonsabe los limites e demarcaciones dellos preguntó a Pedro da senra e a edro do Couze vecinos de la feligresía de san Martín de Cedido los quales avian

- 9 Fol 38 v. Sta María de Brión: «de la chousa del Bimbieiro brava y mansa sembradura 30 fanegas como testa de una parte con Pedro Ares de mandiaa y ao longo do Camiño que va de Ponte noba para las regueiras de Bimbieiro **hasta salir del Camino Francés que va de Santa Cecilia para Piñeiros**». Fol. 55 v. Viladonelle: «Apeo de los bienes del lugar antecedente echo con autoridad del Juez del Coto de Anca a pedimento de Lopo García de Villouzas ante Diego Morado (tachado) escribano del que consta que las demarcaciones del Casal de Viladonelle principian testando **por el Camino francés que va de Anca para la** // fol 56r.// **Puentedeume** a dar no Porto do Boi e todo olongo do Camino Francés hasta la fuente do Salgueiro e de allí se va ael marco e medoñas dos Seixos...». AHN, Foros, privilegios, bulas y otros títulos de hacienda y propiedades. Signatura: CLERO-SECULAR_REGULAR,L.6585. ES.28079.AHN/3//CLERO-SECULAR_REGULAR,L.6585.
- 10 Dos santuarios citados véxase os excelentes traballos de: USERO GÓNZALEZ, Rafael (1992): *El santuario de San Andrés de Teixido*. Cedeira: Fundación Villabrilte. USERO GÓNZALEZ, Rafael (2007): *San Xiao dos Osos nas terras labacenguesas de Moeche*, Moeche: Caixa Galicia Obra Social - Concello De Moeche.
- 11 Documento achegado por D. Rafael Usero González, depositado no AHN, Sec. Ordenes Militares, Leg. 7813, nº 16, fols. 20r a 29r, cuxo encabezamento di: «Apeo ynmemorial de los fueros de cedeira y rregua».

jurado en forma según dicho es e dixeron que el casal das cavanias se demarca por los límites siguiente: desde la pared das paradelas que se va por a lomba da peanceira (Painceira) a topar en el coto do Piñón **en el camino frances, y se va todo en el camino a topar en el casal que lleva Pedro do Candaal de fuero de Santa María doseira**», camiño que tamén collía o nome do santuario, coma no caso que nos ocupa, o de Santo André de Teixido, que co paso dos séculos tomaría o nome de «camiño dos romeiros», camiño que atravesaba as terras das xurisdicións nas que se asentaban os citados santuarios, e que tiñan nas vilas das Pontes un lugar de repouso e acubillo no hospital de San Xoán da orde de Portomarín; o mesmo que nas vilas de Ortigueira, se ben neste caso o hospital de peregrinos corría a cargo do concello, e tamén noutras vilas como as de Viveiro, Neda, Pontedeume, Betanzos etc. Esa dependencia a unha orde relixiosa concreta marcou a vida dos habitantes



San Andrés de Teixido

destes territorios, e as romarías e peregrinacións son tan só unha desas manifestacións, dentro dese todo que representaba o concepto da cristiandade e o poder exercido pola igrexa ao longo dos séculos, que foi moi grande; para paliar a desesperanza recorríase ás promesas, ou á crenza baseada na fe, dunha milagre, polo que nada se desdeñaba. Os camiños a Compostela dentro do territorio galego son moitos, se ben o que máis sona acadaría foi o que viña de fóra, porque parece xa un tópico que sempre se lle da máis valor ao de fóra que ao da casa, esquecéndonos dos camiños do interior de Galicia que tamén ían e viñan a Compostela, e levaban o nome de «Camiño Francés», aos que hoxe se lles puxeron outros nomes.



1.4. O Camiño Francés de Cedeira a As Pontes de García Rodríguez. Un pequeno repaso


Polo que respecta ao camiño que pasaba pola vila das Pontes con dirección a Santo André de Teixido, pasando polo santuario de San Xiao dos Ósos e polo lugar de Agrochao, en S. Xiao de Montoxo, recollemos a seguinte cita, datada de xullo do ano 1707: «todo por el agua abajo hasta dar en el Camino Francés, y todo por el agua abajo hasta dar en heredades de Juan de Montojo».¹²

Ese camiño que pasaba polo citado santuario cara a Teixido tamén se cita como «el Camino Real que va de San Xiao dos Ósos para San Andrés de Teixido». Combinábanse os nomes de Camiño Real e de Camiño Francés, dado que os dous contaban con protección Real, administrada, ou delegada, segundo cada territorio, pero coñecida polos romeiros e peregrinos de ambos sexos. Integrar e situar no territorio estes nomes, é dicir, sumar, ou mellor dito, sumar todo, é unha tarefa que leva o seu tempo, xa que se precisa da consulta de varios arquivos e da lectura de milleiros de documentos, e non de escoitar opinións prescindindo do traballo de investigación documental necesario; polo que as citas, se ben poden parecer excesivas, entendemos que son necesarias.

Continuando coas achegas de D. Rafael Usero González, correspondentes ao Apeo da Bailía de Santa María de Régoa do ano 1719, no folio 153, atopamos o «Apeo del lugar do Cardal, sito en Santa Cruz de Moeche, que posee Ignacio de Argana, Pedro de Luaces, Pedro da Fraguela y otros», e no fol. 154 «mas es de dicha encomienda la propiedad y leira del dicho lugar **que comienza en el Camino Francés que va de Cedeira y otras partes para las Puentes de García Rodríguez** y un marco que allí está».

Como verán o nome do «Camiño francés» aparece con profusión de datos e cunha rica abundancia en detalles por esta ampla comarca, o mesmo ou parecido, que en case toda Galicia, pero parece que non se lle dá a mesma

¹² Achega de D. Rafael Usero González. Referencia: A Notarial da Coruña, Protocolo de Pedro de Lago, fol 45 e ss.



Recreación do Códice Calixtino

importancia coma ao que se cita no Códice Calixtino, que foi escrito no século XII, aínda que por esa época moitos dos santuarios dos que tratamos xa acollían aos romeiros e aos devotos e devotas que optaban por esa vía e, polo tanto, estaban facendo ese camiño, vía máis segura, inicialmente, que o foi a recollida no citado Códice por razóns que se xustifican na inestabilidade e inseguridade que se presentaba polo territorio polos que atravesaba esa ruta, debido a existencia primeiro á ameaza dos reinos musulmáns do sur da Península, Al Andalus, e despois dunha franxa despoboada de territorio en toda a lonxitude que abranguía desde o sur das terras do Reino de Navarra atravesando Castela ata chegar ao Reino de León e Galicia. A vía máis segura ata ben andado o século XII foi a cantábrica e a asturiana, a outra non estaba fixada ata esa época, de telo feito, aparecerían datos que aseguran a existencia desa rede viaria.





2. Algunhas definicións publicadas do concepto de Camiño Francés e as súas fontes

Segundo algunhas fontes consultadas, o Camiño Francés era un camiño xacobeo, ou de Santiago, que aproveitaba tramos dos Camiños Reais que ía e viña a Santiago de Compostela desde Francia pasando por diversos lugares da península Ibérica. Imos pois a tratar ese tema, aínda que sexa sen afondar moito no asunto.

Para centrar a cuestión acerca do significado do nome «Camiño Francés» e do «Camiño Real Francés» (que son o mesmo), achegárase, inicialmente, unha cita que aparece nun documento do ano 1570, a cal di o seguinte:

que parece que en la dicha villa de Saagun a veinte y un dias del mes de henerro (sic) del año pasado de myl y quinientos e setenta años parecio presente Fabian de Juara procurador general de la dicha villa e dixo que por quanto junto a la guerta de Juan Miguel defunto estan ciertos obreros zerrando **el camino rreal frances** que la dicha villa tenia de mas de diez años a a q la parte.¹³

Pero antes de continuar estímase procedente incorporar algunhas das definicións do Camiño Francés que fan diversos autores, así como as fontes nas que foron publicadas, comezando pola definición que figura, por exemplo, na *Enciclopedia Universal Ilustrada* de Espasa Calpe: «CAMINO FRANCÉS. Geog ant. (Geografía antigua). Camino que existía a lo largo de la costa cantábrica seguido por los peregrinos venidos de Francia, que acudían a visitar el sepulcro de Santiago el Mayor».¹⁴ Vemos que cita a Costa Cantábrica.

¹³ Referencia: «Ejecutoria del pleito litigado por Juan de Vozmediano, vecino de Sahagún (León), con el concejo de Sahagún (León), sobre cierre del Camino Real Francés a su paso por una tierra propiedad de Juan de Vozmediano». Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Registro de ejecutorias, Caja 1208,21

¹⁴ *Enciclopedia Universal Ilustrada*. Madrid: Espasa Calpe. Tomo 10, p. 1168

Outra é a que se pode consultar no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio González López na voz «Camiño».¹⁵ Na citada obra recóllense varios dos significados que, para o autor ten a voz «Camiño Francés»; vexamos a seguinte:

El que a lo largo de la costa cantábrica y entrando por la provincia de Lugo seguían los peregrinos franceses que venían a Galicia a visitar la tumba del Apóstol Santiago. Eran numerosos estos caminos, y en las principales comarcas lucenses y coruñesas que atravesaban existían hospitales, hospederías y otros establecimientos benéficos donde podían acogerse los caminantes necesitados.

Vaia, outra vez cítase a Costa Cantábrica! Non entendemos o porque do esquecemento, ultimamente, do seu verdadeiro nome e non queremos tampouco entrar en polémicas estériles. Defendemos o que as fontes nos achegaron, nada máis.

Pensamos que non é necesario explicar aquí quen foi D. Eladio Rodríguez González, un dos corenta membros numerarios fundadores da Real Academia Galega a quen se lle dedicou, no ano 2001, o Día das Letras Galegas. Nas edicións actuais do diccionario da RAG non aparece recollido ese termo, se ben na voz «Camiño» si aparece «Camiño de Santiago V. Vía Láctea», tendo como sinónimo «Camiño de Santiago». En varios mapas dos séculos XVII e XVIII si aparece o termo Camiño Francés, nalgún deles¹⁶ como a *Carte des Chemins de S. Jacques de Compostele*¹⁷ Camiño Francés de Santiago de Compostela, onde aparecen dous tipos, os chamados *chemins de liaison* e o *chemin tradicional*.

¹⁵ GONZÁLEZ LÓPEZ, Eladio (1958): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. Vigo: Galaxia. Tomo I, pp. 453-454.

¹⁶ Insírese este mapa na contratapa de varios tomos da GEG dedicados a Imaxes de Galicia, Galicia en imaxes etc. Ver en *Gran Enciclopedia Gallega: 480 Imaxes de Galicia*, Xixón: Silverio Cañada Editor.


¹⁷ *Carte des Chemins de S. Jacques de Compostele*, 1664.



En *Nueva mapa de Asturias, Galicia y León, con los Caminos Reales*,¹⁸ aparecen os principais camiños reais de Galicia, e concretamente o que vén por toda a costa desde Asturias ata Pontevedra, camiños que non recollen outros mapas. Por este trazado ía e viña o Camiño Francés, comunicando os principais portos da costa con Santiago e outros santuarios importantes para o culto cristián. Por terra ou por mar chegaban os peregrinos a Compostela. De aí que nos atopemos na diversa documentación consultada con nomes do Camiño Francés que pasaba por poboacións costeiras e feligresías como as «cinco feligresías del Camino Francés», ou as «18 feligresías del Camino Francés», ou pola vila de Pontevedra,¹⁹ O Porriño etc.

18 VAN DER Aa: *Nueva Mapa de Asturias, Galicia y León con los caminos reales*. [Leide: Van der Aa], [1707-1715]. (16x13 cm). Este pequeno mapa forma parte de *Les Delices de l'Espagne et du Portugal...*

19 Incluso referencias a este camiño entre a cidade de Pontevedra e a Ponte San Paio, como a que aparece nun documento de venda outorgado na cidade de Santiago por un veciño da vila de Viveiro chamado Diego Pérez o día 7 de xuño do ano 1528, dunha propiedade situada na freguesía de san Pedro de Tomesa, ou Tomeza, (borrado aparece escrito San Miguel de Salceda) «el mi agro de heredad q se dice de Cabanas con el molino q en el hedefiq q esta y es sito en la feligresia de San Pedro de Tomesa según q esta cerrado sobre si e se parte e devide de la una parte con el Río de Cavanas e de la otra parte se parte e devide en el Camino Francés q va de la villa de Pontevedra para la Puente San Pablo (continua) 175. AHUS, Fondo Notarial y reistral, Sección Protocolos, Serie Protocolos, S- 13-153, fol. 124 r. Outro: Camiño Francés ao seu paso polo Porriño. Couto de Santo Antoiño, feligresía de San Salvador de Loureda - Pontevedra. O Camiño Francés por Porriño aparece citado no documento que foi outorgado na cidade Santiago: Fol. 179 r. «Yn dei nomine amen sepan qtos esta ca de poder e compomiso vieren como nos Alo de Lancos vzo de la Lourina eibdad de bets q soy psente de la una pte e de la otra pte Lorenzo Martyz vzo del coto de santo antoyno q hes en la dioces de Tuy q soy psente dezimos q por esto entre nos otros ay deferencias uno cu otro sobre el mote de vesa eherdades sitios ela fea de san Salvador de Loureda q hes desde la fueite e rio de portela como dean de p el arriba vaxo **fasta el camino frances q ba pa el porriño** e dende ay pala torre del sino pdha congostra da alfamos fasta la casa de Go Martyz e sobre cierta fazienda q yo el dho Alo de Lancos compre de Po sorodyo y vos dizides vos pertenecia...» fol 18or. « fue fecha y otorgada en la cibdad de Santiago a treynta dias del mes de mayo ano del señor de mill e quinientos e veynte e qto annos tso q fueron psentes Juo de Bal xode e fernan Vs vo del bal de minor e fernoVs vo de la cibdad de betso e Do de santa Marta criado de mi noto». AHUS, Prococolos, S- 31; fol. 179 r. Fecha inicial y fecha final 1524 -. O notario foi Macias Vázquez.



Mapa do bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

No mapa do bispado de Mondoñedo de D. José Cornide Saavedra,²⁰ aparece o nome de Camiño de Santiago no que vai de Betanzos a Compostela e máis no camiño de Baamonde a Santiago. No caso do de Betanzos pasou de chamarse así, ou tamén «Camiño Francés», a denominarse «Camiño Inglés» no proxecto do Xacobeo; un novo nome para un camiño histórico que se apropiou do nome que figura nas mesmas fontes históricas que o deron a coñecer.

O termo «Camiño Francés» atopámolo en moitos documentos, depositados e rexistrados nos arquivos oficiais (estatais ou autonómicos) consultados, que datan dos séculos XVI, XVII e XVIII, como veremos máis adiante.

²⁰ Tomás López, sculp. Madrid: Oficina de Antonio Muriel, 1764, (40x30 cm). Procede de *España Sagrada* de Enrique Flórez.



Mosteiro de Monfero

Nas fontes históricas, que non son proxectos máis ou menos tendenciosos, pódese comprobar este aserto.

O paso deste camiño pola antiga xurisdición das Pontes xa está probado, polo que tratarei só de amplialo, comezando con algún dato, máis ou menos curioso, polo que se ve como os monxes do mosteiro de Santa María de Monfero tiñan unha casa na vila pontesa, unha casa que lles servía para pousar cando percorrían as súas posesións, as que máis adiante se relacionarán. A casa estaba situada intra muros, preto das rúas da Ribera e da rúa Grande. A pousada supoñía o servizo e máis o alimento dos monxes, o que trataremos máis adiante.



3.1 As achegas de D. Julio Dávila. Descrición dos camiños do Partido Xudicial de Ortigueira a comezos do século XX

Antes de continuar considérase necesario ordenar a investigación histórica relacionando, primeiramente, varias citas documentais que coñecemos e foron escritas a comezos do século XX, sobre todo a descrición feita por D. Julio Dávila Díaz no ano 1906, cando aínda existían a maior parte dos antigos camiños reais, aínda que algunha das estradas, como a que une actualmente a vila das Pontes coa de Santa Marta de Ortigueira, soamente era un proxecto ao que se lle supoñía unha lenta xestión, e non digamos execución. Os políticos ortigueireses daquela época esixían ese trazado e a correspondente execución do vial, con razón sobrada, pola necesidade dunha mellor comunicación co interior de Galicia e con Castela, vía As Pontes, como punto de encontro de varios camiños nesa ruta tan necesaria.

Uns anos despois de que D. Julio recollera os datos deses camiños, comezaríase a explanación desa ansiada estrada das Pontes a Ortigueira, aínda que levaría varios anos vela rematada. Nesa época na que escribe D. Julio aínda conservaban algúns dos antigos nomes deses camiños, aínda que un tanto alterados polas ordenanzas impulsadas polos sistemas políticos de finais do XIX. O nome do Camiño xa non aparece nesa relación porque o seu uso e función era case inapreciable e porque o decorrer dos tempos trouxo cambios drásticos nese senso. Na actualidade, coa simplificación aplicada polos novos sistemas de ordenación do territorio pasouse a denominacións que pouco aportan directamente para a toponimia, pretendendo simplificar, senón que é necesario descifrar as súas siglas; siglas ou acrónimos do tipo: A6 (Nacional); AP9 (de peaxe) 9; CL; CM... e así ata 8 niveis de clasificación. Hoxe na cartografía estatal vense esas siglas por riba das estradas, antes escribíanse os nomes directamente: Camino de Santiago.²¹

²¹ Véxase ese nome no mapa do Bispado de Mondoñedo de D. José Cornide Saavedra - Tomás López, nos camiños de Betanzos a Santiago, e de Guitiriz a Compostela.



D. Julio, xunto con Federico Maciñeira, eran os máis expertos e estudosos da historia e da prehistoria desta ampla comarca, na que se incluía As Pontes de García Rodríguez como parte do territorio do antigo Partido Xudicial de Ortigueira. A descrición destas antigas vías, camiños, ou estradas, feita por D. Julio (descrición elaborada e remitida por escrito da man de Federico Maciñeira) ímola transcribir completa xa que poida que resulte de interese para os camiñantes que queiran percorrer este territorio do noroeste galego por estas antigas antigas vías (del Rei, ou Reales), sen ter que inventar outro nome distinto ao que estes rúeiros tiveron ao longo de varios séculos, ou cando menos, que non se esqueza totalmente o pasado, respectando a memoria dos que axudaron a facelos ao longo dos séculos, e lles puxeron nome, que foron centos e centos de miles de milleiros de sufridos camiñantes.



Federico Maciñeira Pardo de Lama

3.2. Dous nomes para un camiño e un camiño con moitos ramais

Aínda que se chamaban de varios xeitos, pero coa mesma función, atopámonos con nomes na documentación que indica a procedencia, como os de: «Camino Real que viene de Vares para Mañón (ou á inversa), ou o Camino Real que ía para Neda, Villalba, Betanzos. Outro tanto pasaba co nome do Camiño Francés ou, con outros camiños, como por exemplo, o que comunicaba todo o norte galego co importante núcleo onde se celebraba a Feira De San Claudio, o que na documentación do XIX xa levaba o nome de: «camino que va a la Feria de San Claudio, ou camino que viene de..., ou camino que va para...», segundo fose o caso; nese caso tamén se viña e ía polo Camiño Real. Na época na que escriben Maciñeira e Dávila deixara de usarse na escrita o nome de «Camiño

Francés», por moitas razóns, pero sobre todo porque as prácticas relixiosas masivas de peregrinación baixara, e os medios de transporte para moitos dos grandes santuarios galegos comezaran a mecanizarse, como pasou con algún dos camiños de rodaxe máis importantes da comarca, coma o de Santo André de Teixido, camiño longo que non se ensancharía ata comezo dos anos setenta do pasado século, anos nos que se abriu unha pista para que puideran chegar os primeiros vehículos a motor, o que aconteceu a comezos dos anos setenta do pasado século. O mesmo que neste último caso pasaría no resto.

E non digamos doutros camiños que conducían a santuarios de menor sona na comarca coma, por exemplo, os de Nosa Señora de Portas, San Xiao dos Ósos, San Xiao do Trebo, o da Pena de Francia, San Roque do Camiño, ou o de Nosa Señora de La O, por citar só uns poucos, situados nun entorno máis ou menos coñecido, sobre todo polos nosos maiores, pero que ían quedando illados. Todos eles de fondas raíces históricas, relacionados con ordes relixiosas e tamén algúns de fundación particular dunha familia nobre, como o caso de Santo André de Teixido, ou o de San Paio dos Freires, fundación datada, ou relacionada, cunha familia pertencente á poderosa casa de Traba, feita a finais xa do século XII; ou coma no caso da ermida de Santo André, próxima á Graña de Brión, que pertencía ao dominio do



Casetas da feira de San Claudio



poderoso mosteiro de Santa María de Sobrado, de onde viña, ía, ou pasaba, o Camiño Francés que comunicaba co resto dos camiños que atravesaban a Terra de Trasancos, tal e como nolo contan os documentos dos séculos XI ao XV. Outro tanto poderíamos falar do Camiño Francés desde A Coruña, ou o que desde Sada ía cara a Gandarío, a Betanzos, que tamén levaba ese nome; o mesmo que o que pasaba por Obre, Cinis, Bergondo, As Cascas, Bruma e Compostela; todos eses santuarios tiñan o Camiño Real, ou Francés, como vía de paso e de comunicación, tanto coas vilas próximas, ou portos, coma coa propia cidade de Santiago de Compostela que era o fin, ou o paso para o comezo da viaxe de volta, o que non sempre se facía pola mesma ruta.

Todos eses santuarios e as vilas ou cidades de onde proviñan os romeiros e os peregrinos necesitaban dun camiño, todos sen excepción, e ese camiño está documentado con nomes e lugares de paso xa desde moi antigo, e atópase o seu rastro nas, por exemplo, coleccións diplomáticas de varios mosteiros, coma nos protocolos notariais de varias vilas e cidades, coma Viveiro,²² Ortigueira, Ferrol, Pontedeume, Betanzos ou Santiago de Compostela. Se a investigación se reduce tan só ao Códice Calixtino, os resultados son escasos e atrévome a indicar que reduccionistas, falseando e dando pé a imaxinar a historia, sen estudar as fontes que recollen os datos desa época, deses tempos, por outras zonas, como é o caso presente.

²² E tampouco faltaron devotos, e devotas, que á hora de redactar o seu testamento, se lembraron de promesas incumplidas en vida, como foi o caso, por exemplo de Alonso Paz de Cora que no ano 1571, diante do escribano de Viveiro, Ares Vázquez de Baamonde, deixou mandado, entre outras moitas cousas, que se destinara una carga de leña a cada un dos hospitais da vila; e «Ytem mando por mis bienes e la dha mi mujer mande por mi un romero a nuestra Señora de Guadalupe e mando a la tal persona y romero que allá fuere diez ducados y les cargo la conciencia/ **Yten mando ymbiar por my otra romería al Señor Santiago de Galicia** e le den por su trabajo dos ducados». Como se pode comprobar os gastos que supoñían enviar un romeiro a un ou outro santuario eran distintos, pois a distancia a percorrer tamén o era, estando o destino da primeira manda na actual provincia de Cáceres, e o segundo na da Coruña, concretamente en Compostela. O camiño tomado desde Viveiro para cumprir esas mandas era o do Camiño Francés, o que explica que tamén se atope ese mesmo nome e camiño, por exemplo, na provincia de Ourense, por onde ían, ou viñan, a enlazar coa ruta que hoxe se coñece como a da Plata. Estas rutas son milenarias, e foron usadas ao longo de varios milenios, cuns nomes ou con outros.



San Xoán de Caaveiro

No caso concreto das Pontes atopámonos cun novo achado aportado polo bo amigo Fernando Campos, que completa e amplía o estudado e publicado ata agora por quen isto escribe, agradecendo esa colaboración polo que vale. O dato en cuestión é o do paso dese Camiño Francés polo lugar de Cheibán, ou Cheiván, comunicándose con outros camiños e santuarios coma os que conducían a Monfero, Caaveiro, Pontedeume, Neda, Trasancos, San Sadurniño ou Cedeira, vía Somozas neste caso, e Moeche, e que comentaremos máis adiante, se ben a continuación insírese o escrito de D. Julio Dávila.



3.3. O traballo de D. Julio Dávila dos camiños do Partido Xudicial de Ortigueira

APUNTES GEOGRÁFICOS DEL PARTIDO JUDICIAL DE ORTIGUEIRA. XV: VÍAS DE COMUNICACIÓN²³

CAMINOS REALES:- De Ortigueira por Cuíña y Senra, donde se divide en tres grandes ramales: uno que va a Ferrol, pasando por San Claudio, Mera, Puente-Noval y La Barquera (de este ramal arrancan otros dos: uno que partiendo de San Claudio pasa por Santiago de Mera y va a Cariño, por la ribera occidental de la ría de Ortigueira; otro que de Puente-Noval va a Cedeira, por Campo de Hospital y Montojo; otro que sale de La Barquera y se une al anterior en San Román de Montojo, pasando por Cerdido; y otro que de La Barquera va al Campo del Hospital, y de aquí un ramal a Cerdido y otro a Montojo); **otro ramal que sale de Cuíña para Puentes de García Rodríguez, pasando por Freires, Devesos, Las Nieves, y faldeando las vertientes occidentales de la Sierra de La Faladora, sube al pico del Cajado y desciende á las Puentes, para continuar al O. por la parroquia de Vilavella; y otro que va// á Ferrol pasando por el Yermo, Puente de Landido (Pulgueira), Insua y Puente Queiroga, por donde entra en Somozas. Este camino únese con el que de La Feria de San Claudio pasa por puente Noval, con un ramal que sale del alto de San Claudio (sitio de Cruz da Armada) y va al Yermo. De Insua va otro ramal que pasando por el puente de Entrambas Meras²⁴ vá por el Deveso, y en la parroquia de Puentes se une al camino de Ortigueira, al Sur del pico del Cajado.**

Del puente de Landido sale otro ramal que va a Mañón por las Nieves y la sierra da Faladoira.

²³ DÁVILA DÍAZ, Julio (1906): «Apuntes geográficos del Partido Judicial de Ortigueira. XV Vías de comunicación». *El Eco Ortecano*, núm. 207, 11-02-1906.

²⁴ Tratarase deste topónimo máis adiante. Este é o ramal que seguía o «Camiño Francés» desde Ortigueira á vila de As Pontes.



De Ortigueira al Barquero, faldeando la costa por Luhía, Barbos, Mosteiro, Ladrado, Espasante, Céltigos, Loiba y Mogor.

De Ortigueira a Vivero, pasando por la cuesta de Pereira (Cuíña), Couzadoiro, Mañón y cruza el río Sor por la puente del Puerto.

De Cuíña a unirse al anterior arriba de la cuesta de Pereira.

Del valle de Couzadoiro a Mañón faldeando el pico de la Roca.

Del dicho valle de Couzadoiro al puente del Baleo (Ladrado).

De Mañón a Bares por las vertientes orientales de la Faladora y el Barquero.

Del camino de Mañón a Insua arranca un ramal en Mañón que baja al río Sor el que atraviesa por el puente de Segade.

Del camino de Ortigueira a Puentes, a la altura de Grañas del Sor, baja un ramal que cruza dicho río Sor por el puente de Entrambos-sores.



Vista de Santa Marta de Ortigueira

De Cedeira salen dos caminos: uno que faldea las vertientes occidentales de la sierra de Eigil, y otro por las vertientes orientales, pasando por Cerbo, Montojo y baja a Esteiro, continuando por el puente de Porto de Cabo hacia Ferrol.

Eses eran os camiños principais e o resto eran vías secundarias de segunda ou terceira orde. A xente transitaba e peregrinaba por estes camiños, seguindo unha dirección e un sentido, segundo fora do seu interese.

4. O Camiño Francés, ou Real, da Feira de San Claudio á vila das Pontes de García Rodríguez. A importancia histórica desta antiga vía

Varias son as referencias documentais que nos aseguran os puntos de paso, ou de referencia xeográfica, do camiño que comunicaba a Vila de Santa Marta de Ortigueira coa Feira de San Claudio e coa vila das Pontes, pero nesta ocasión só nos centraremos no camiño que ía desde Senra e San Claudio ata as Pontes, xa que é o tramo menos coñecido, sobre todo nos tempos que vivimos, aínda que ao longo de varios séculos non foi así, nin moito menos, por razóns que moi ben coñecen os nosos maiores que acudían ao barrio da Feira de San Claudio, no concello de Ortigueira, desde diversos lugares do extenso Partido Xudicial de Ortigueira (ou de fóra del) a pé; e a partir dos anos corenta do pasado século XX, en pequenos autobuses e camionetas, compartindo a carga. E por eses camiños tamén ían e viñan en romaría aos santuarios máis famosos da comarca, coa cesta na cabeza ou montados de a cabalo dunha besta.

Aínda que xa é coñecido lembraremos que as vilas das Pontes e de Santa Marta de Ortigueira xa existían como tales no século XIII e, que no XIV Fernán Pérez de Andrade o Bo realizou unha importante doazón, de varios casais na terra de Ortigueira, ao mosteiro de Santa María de Monfero, posibilitando así a fundación da Granxa de Saa, na freguesía de San Xiao de Senra, no ano 1373. Estas circunstancias son as que nos dan a posibilidade



de coñecer os camiños que frecuentaban os peregrinos, os viaxeiros e os propios monxes cando visitaban as posesións dos seus mosteiros, e esta circunstancia axudaría no coñecemento e uso deste camiño cara ás peregrinacións e romarías fomentadas polos cistercienses, neste caso os que seguían a regra da orde de San Bernardo de Claraval.

Pero os monxes cistercienses de Santa María de Monfero non só tiñan esta granxa, ou grania, nesta zona, senón que posuían outra en San Miguel de Mera,²⁵ na parroquia de San Xoán de Ínsua e, por se fora pouco, tamén posuían algunha casa, coa súa praza, na vila das Pontes e tiñan tamén varias posesións na terra de Vilalba, en Parga e noutros lugares próximos; posesións documentadas xa desde o século XIII. As granxas na súa contorna dábanlles alimento e rendas para así poder ampliar os obxectos de culto e o propio edificio do mosteiro, e as propiedades, neste caso unha casa, dentro dunha vila aportábanlles un lugar de repouso seguro onde coller folgos.

Pola ruta que conducía ao mosteiro de Monfero, pasando por Xestoso, cabía tamén a posibilidade de ir cara a Betanzos e a Santiago, que era a vía dos que viñan da Mariña Lucense e de Mondoñedo polo Camiño Francés que pasaba polos coutos de Codesido, Muras, e Lousada. E proba diso, ademais dos documentos citados, son as noticias que recollen os monxes de Monfero polas que sabemos que no seu mosteiro daban acubillo, no seu hospital, a todos aqueles pobres e peregrinos que o precisaran, como facían no resto dos mosteiros desa e doutras ordes relixiosas. Por ese camiño ían

²⁵ Os monxes de Monfero tamén posuían outras dúas granxas por esta zona, como eran: « a nosa grania de Vilar [...] e a nosa grania de Goente con todas as suas erdades...» segundo se ve, por exemplo, por un documento de foro outorgado no ano 1442, por parte dos citados monxes a favor de Pedro Varela de San Jurjo. A granxa de Goente fora dada ao citado mosteiro no ano 1283 por Dona Clara Pérez, dona de Gil Pérez de Lago, e filla de dona Teresa Froilaz e de D. Pedro Fernández Pardo, antepasados da liñaxe dos Lago e dos Pardo. A palabra Mera, segundo o dicionario da RAG significa «néboa espesa e miúda que se desprende dela, moi dañina para as plantas e os froitos por favorece-la aparición de fungos». Polo que parece, non debe ser totalmente certa a proposta da definición da palabra coa correspondencia real do fenómeno definido, xa que os monxes crearon una granxa nese lugar, a cal, por definición, é un lugar, una terra onde se cultivou o gran, e polo visto nada diso parece. Poida que o significado que se lle dá actualmente non coincida co que tiña no pasado. Dese nome sairía, por exemplo, o do río Mera, e o do couto de Meroi, ou dos da Mera.

e viñan os monxes e o abade de Monfero cando visitaban as súas granxas e aos seus moradores, que eran colonos do propio mosteiro e estaban baixo a xurisdición eclesiástica do abade, non dos cregos da parroquia onde estaba a granxa: **«et quando o abade ou moges ou frades do moesteiro de mofero chegare a villa das pontes q lles dedes pousada y mesa y mantees bee lavados et fogo y sal y pichees dentro ena dta casa».**

Preitos e ruído abondo moveron as reclamacións dalgúns párrocos acerca dun dereito que non tiñan, aínda que o desexaban, como foi o caso dun cura de San Xiao de Senra no século XVII cando preiteou conta o abade e a comunidade de Santa María de Monfero.

5. O camiño de Monfero a Santa Marta de Ortigueira polo Camiño Real Francés

O paso dos monxes bernardos de Monfero, con ou sen parada na vila das Pontes, estaba xustificado por varios motivos, un deles o da visita aos bens que esta comunidade cisterciense tiña na terra e xurisdición da vila de Santa Marta de Ortigueira, como eran os pertencentes ao priorado de Saa situados na citada xurisdición, entre eles os da granxa de San Miguel da Mera,²⁶ se ben

²⁶ As propiedades desta granxa de San Miguel estaban próximas entre si, e tamén na zona que no mapa elaborado por D. Julio Dávila, no ano 1912, figura como «Entrabasmernas». «Entramabasmernas», ou «Entrambas Meras», ten o mesmo significado que «Entrambosores» ou, o que é o mesmo: entre ambos Sores; se ben só cambia o nome do río. No ano 1302 o cabaleiro Fernán Pérez de Andrade e a súa dona María Rodríguez fixeron doazón, a cambio de mais de cento cincuenta rapadas de pan, da parte que tiña o primeiro na igrexa de santa María de Mera (na actualidade Santa María de Mera ou Mera de Arriba, pertencente ao concello de Ortigueira) a favor do mosteiro de Monfero, dunha serie de bens, entre os que estaba a parte da propia freguesía citada. Esta rama da Casa de Andrade posuía bens pola terra de Santa Marta, como podemos observar: «Saban quantos este efecto vire como eu Ferna Perez de Andrade por mi et por mina moller don M.^a Rodríguez et por mina voz (continua co encabezamento da doazón) a mina yglia de sta m^a de Mera dezemos et herdamentos que he alfoz de Sta Martha». Nesta última freguesía sábese da existencia dun antigo e pequeno mosteiro, pero non da pertenza do mesmo a unha determinada orde relixiosa, se ben o dato, que comentamos, si nos relaciona que o mosteiro debeu de ser de fundación familiar dalgún membro da poderosa familia Froilaz-Traba.



o seu paso pola vila das Pontes era obrigado, tal e como o vemos a continuación, xa que ademais desa graña tamén posuían outra no que é hoxe a freguesía de San Martiño de Goente, na xurisdición da vila das Pontes.

6. A vila das Pontes por un documento do ano 1404

Os Monxes de Monfero tiñan pousada nunha casa situada dentro da vila das Pontes, entres as grañas de Goente e a de San Miguel da Mera. O paso e a pousada dos monxes de Monfero na vila queda demostrado polo anticipo dunha parte da transcripción dun documento do ano 1404 que se insire do Apéndice Documental; compróbase que, ademais da casa, os monxes de Monfero posuían tamén unha praza, e que algunha das rúas das Pontes xa teñen nome coñecido, como eran as *da Ribeira* máis *a rúa Grande*. Aparecen tamén os nomes dos beneficiarios do foro, que son *Lopo de Ydral* e a súa dona María de Gonderre, e o nome dun dos propietarios colindantes como era *Fernán da Veiga*.

Transcrición:

Sabean quantos esta carta viren como nos dom frey johan lco abade do moesto de sta ma de mofero y frey a fon piom y frey lopo soprior et o qveto do dito moesteiro sendo juntados en noso cabidoo segº q a vemos de huso y de custume damos y aforamos a vos lopo de ydral morado y ena vila das pontes y vosa moller ma de gonderre po y en todas vosas bidas et de vosos fillos y fillas et netos ata o postremeyro de vos como vayan y du q fiqi e nos outros **a q la nosa praca q jay ena dita vila das pontes** a qal dta praca fuy de johan eans noth q fuy desos coutos de mofero **como de pte de hu cabo da casa de lopo bicente et da out^{ra} pte fay testa ena praca do dito moesteiro q tina aforada frna daveyga y da out^{ra} pte sal ena rrua da ribeira et da outra pte e na rrua grande** esta dita praca vos damos y aforamos p tal plyto y mdico que a fasades de parede boa et de madeyra



chantadas y por chantar casas y casares pertencientes y decimos que por esta a dita grana y herdades por tal plito y dreco vos aforamos y emplasamos a dita grana y herdades q ha si tedes donde ellas jouin (...) ...da dita herdade y chantadas ...testigos Rui Pernas y Ferna Perez de Vilasuso, escudeiros do dito Pedro Galvan y Lco Eans clerigo de sta M^a de Gestoso y...Calcas y Al de valcovo criados do dto abade.²⁷

Apeo do Priorado de Saa. Máis datos do Camiño Francés²⁸

No libro do Tumbo do priorato de Sas (San Xiao de Senra-Ortigueira) depositado no ARG, figura recollido o apeo dos bens pertencentes a esta Graña de Mera ou da Bordalla, onde había un *moimento* no campo dese nome, tal e como se comproba polo seu apeo:

Apegación de los lugares da Fonte da Pía e da Graña de Mera o da Bordalla por otro nombre (fol 21 r e v).

Estando en la Graña de Mera felig^a de San Juan de insoa, e Jurisdicción de la villa e condado de Sa^{ta} M^{ta} a diez y seis días del mes de julo de mill e quint^{os} e setenta e seis años en presencia de mi ss^{no} e test^{os} de juso escritos pareció pres^{te} el P. Abad del monasterio de Monfero suso dho e dixo que por cuanto son e pertencen al dho su monasterio de

²⁷ Pergameo do ano 1399. Fondo Galiciana.

²⁸ O lugar de Saa, e a ponte dese nome, foi un dos puntos do Camiño Real polo que se pasaba cara a Viveiro; e incluso ás Pontes de García Rodríguez, en caso de ir pola banda oriental do río Maior, traveso San Paio dos Freires, Devesos, As Grañas de Sor e o Freixo. A outra posibilidade era facelo desde Senra pasando por San Claudio, o Ermo, Insua e así entrar polo Deveso na xurisdicción da vila das Pontes. Esta ruta pasaba por varios lugares pertencentes ao mosteiro de Monfero, comezando polo da propia granxa e seguindo polo do Navallo a enlazar co que de San Claudio pasaba pola Xilde, ou facelo polo de Borreiros e subir ata o igrexario do Ermo para coller o camiño que ía cara á parroquia de San Xoán de Insua. Remítímolos á descrición feita por D. Julio Dávila, sinalando que a parroquia de Santa María de As Neves creouse no ano 1895 con diversos barrios pertencentes á de San Sebastián dos Devesos, polo que non aparece citada na documentación anterior, podendo facelo só como unha parte da citada parroquia.

Monfero los lugares e casares da Fonte da pía e de la graña da Bordalla (ou da Mera) con lo lo a ellos anejo y perteneciente y para efecto que se denarqun y se sepa las testadas e demarcaciones que limitan los dhos lugares presentó por testigos a Juan de mera y a María Martínez su mujer, que están presentes ...e saben e tienen noticia del dho, e del lugar da Fonte da Pía, e de la Graña de campo da Bordalla que es todo uno, como esta el dho lugar con su casa hecha e cubierta, y esta otra casa hecha de paredes e por cubrir, e las heredades de dicho lugar da Fonte da Pia se demarcan en la manera siguiente

Como se comienza a testar y demarcar en el bidueyro que está cerca de la casa enque mora el dho Alonso López tutor que es de Juan López su sobrino, hijo de Fernán López su hermano cuyo casero dixo ser y traer el dho lugar en nombre del dho menor, que dixo ser tercera voz en el foro, e como se viene a topar en el camino que viene de Mera e se vay en o comaro de heredad de Alonso López de San Pedro en viejo, e como se vai todo por el dho camino a topar en heredad dos Torneiros, e como se vay a testar en un comaro que parte esta dha heredad con heredad dos Torneiros e como se vay por la parte de cima a topar en el camino que viene de San Miguel y se vay por el camino ao longo arriba hasta dar **en moimento do campo da Bordalla**, y de allí se volve todo por el comaro a dar otra vez en la misma testada del bidueiro que está a la puerta de la casa del dho lugar donde primero se comenzó a demarcar toda la heredad...

Lugar da Graña da Mera (fol 23 r) o moimento de Paio Grana ou Crana

Yten declararon los dhos Juan de Mera e María Martínez su mujer e Alonso López da Pía debajo del juramento que tienen hecho e juntamente con ellos Pero Pernas clérigo del Beneficio de San Payo dos Freires, vecino de la feligresía de Senra, con juramento que hizo a las



ordenes que avía recibido de San Pedro e de San Paulo, que dirá verdad, hizolo en forma e dixeron que se demarcan las heredades del dho lugar da Graña da Mera en la manera siguiente: que tien una casa grande cubierta de losa e paja en que hai tres puertas por la delantera, e como se comienza a demarcar las dhas heredades en **o moimento da Bordalla** e se vai por un comaro alto alderredor, e topa en heredad que fue de Pero Nieves, difunto, que agora lleva Andrés Pérez, e vai todo alderredor en el comaro hasta topar en el dholugar de Andrés Pérez, que antes era de Pero Nieves, e va por el campo da Graña e vai todo por el camino ao enfesto a dar en la fonte fisleyra e da fonte se vay dar eno moimento de Paio Grana (Crana), e de allí se vuelve ao camino arriba á pena areosa, e se vuelve ao cal da Tinteira (na casa deste lugar consérvanse dúas toscas pedras labradas coas armas da orde de San Bernardo), e de allí se viene todo en o rego **fasta topar ena cruz da fraga**, que fue de Juan de Santa María, que agora es de Alonso López de San Pedro, que está la dha cruz en un carballo da pena, como se viene **en as cruces** e a o longo da fraga a topar **en el camino que viene de la pasada do río grande de entrambas Meras a dar otra vez en el dho moimento do campo da Bordalla**, e según que todo está de comaro alto cercado, e por donde no hay comaro está de veiga braña e **caminos cursabes** e no ay marcos porque no ay necesidad dellos por seren bien conocidos e demarcado, e saben que el dho lugar con sus casas y heredades ya declaradas son e pertenecen al dho monasterio de Monfero e granja de Saa, e que son todas las dhas heredades mansas e labradías, e declararon que llebrán de sembradura fasta sesenta toledanos de pan, poco más o menos E ansi siempre se llevó e poseyó, ellevaron sin contradicción alguna por el dho //23 v. monasterio de Monfero e granja de Saa (Continua). E yo Fernando de Seoane, escribano e notario público aprobado por la Magestad Real en el número y Audiencia de la villa de Sta Marta y su condado e Juridición (Continua).

7.1. O Mosteiro de Monfero e a virxe da Cela: en tempos foi unha das romarías máis concorridas de Galicia.²⁹

A importancia de mosteiros coma os de Santa María de Monfero e mais o de San Xoán de Caaveiro, quedou demostrada tamén pola influencia na contribución ás peregrinacións por esta comarca, tanto por ser lugares enclavados nun entorno natural moi atractivo, como polo promoción do culto aos seus patróns, é dicir, Santa María e San Xoán. No primeiro caso esta influencia transmitíase aos propios foreiros, ou aos moradores nas granxas do mosteiro, como era o caso da que tiñan en San Xiao de Senra, e mais o da granxa da Mera en San Xoán de Insua. Como proba transcríbese só unha parte dun documento do ano 1661 mediante o cal Dominga López, unha muller viúva, fai doazón dunha parte dos seus bens «los que le tocasen por su parte a la Virgen de la Cela del Convento de Santa María de Monfero de la Orden de nuestro Padre San Bernardo». A doazón feita por Dominga é a do lugar da Tinteira, tal é como reza no encabezamento (fol 39): «Donación de lugar de Tinteira sito en la feligresía de Ynsua por Dominga López, mujer viuda que



Romaría da virxe da Cela

²⁹ Segundo a tradición, recollida a comezos do XVII polos monxes de Monfero, esta imaxe «estubo de uy antiguo en una hermita (de quién al presente se ven los fundamentos) en la quiebra que hace una mui grande montañas, por la qual se despeña un pequeño riachuelo que viene a dar en la cerca del Monasterio de la parte del oriente. Intitulábase la dicha Ymagen (y oy día se conserva el mismo título) Nuestra Señora de la Cela, por tener su celda junto a ella un monje deste Monasterio, del que está a seis tiros de alcabuz (arcabuz), en tiempos antiguos haciendo allí vida de anacoreta». Eses tempos antigos onde practicaban o ascetismo. Como curiosidade diremos que unha bala propulsada por un arcabuz podía alcanzar os 50 metros, polo que a distancia da que fala o documento roldaría os 300 metros, o que se pode medir ne comprobar na actualidade pois a citada fonte segue, máis ou menos, no mesmo sitio.



quedou de Luis Martínez, su marido, vecina de dha feligresía. Año de 1661». A razón desa doazón era que non tiveran fillos, e a doante, segundo declara, era unha muller de máis de sesenta anos, e tanto ela como o seu difunto marido así o acordaran mediante testamento outorgado no



San Xoán de Insua

ano 1655. Cumpre aclarar que os criados das granxas que tiñan os grandes mosteiros tiñan que cumprir unha serie de imposicións feitas co abade que presidía a comunidade, unha delas era o de asistir nas ermidas da orde cos preceptos da relixión cristiá, neste caso por vivir dentro dos termos da granxa de San Miguel da Mera que se constituía na súa propia freguesía dentro da de San Xoán de Insua, tal e como se recolle no libro do Tumbo do Priorado de Saa que vimos comentando:

Las razones que tienen los criados de qualquiera Granxa de la Orden de Nuestro padre San Bernardo para cumplir con el precepto paschual en las capillas, oratorios, o Hermitas de dichas Granjas sin que puedan ser compelidos por los señores Obispos o curas a que cumplan con la comunión annual en sus parrochias respectivas son las siguientes: Primeramente gozamos los Cistercienses un Privilegio de Alejandro 6º en el cual se nos concece facultad para q los familiares y criados de los Monasterios puedan cumplir con al Yglesia en las Yglesias de dichos monasterios. Yten para que los criados d los Prioratos y Granxas puedan cumplir en las Capillas de sus respectivas Granxas, como consta de la declaración de Sixto 4º, según refiere fr. Juan de La Cruz, libro 2º Cap.5 (Continua).

Polo que se acaba de ver enténdese e explícase a relación existente entre as partes, polo que o camiño a Monfero desde calquera das súas granxas ou

priorados estaba aberto ao paso, e os monxes e mais os foreiros coñecían moi ben, o mesmo que coñecían os abades o Camiño Francés para visitar a casa nai, é dicir a abadía de Claraval, situada na localidade francesa de Ville-sous-Ferté, no departamento de Aube, polo que non resulta estraño que o Camiño Francés chegara a estas latitudes, tivera tantas ramificacións e fora tan coñecido e transitado.

Foi moita a devoción á imaxe da Virxe da Cela e foron moitos os que chegaron camiñando a cumprir as promesas feitas cando se atopaban en perigo ou enfermos, e moitas e moitos deses romeiros e peregrinos eran desta ampla comarca da que tratamos, desde Ortigueira ata Vilalba, e desde Cedeira ata a Terra de Trasancos. Todos os anos ían por este camiño descrito centos e centos de persoas ofrecidas, o que así fixeron ata que no século XX abriron pistas e vías amplas para dar paso aos automóviles



Virxe da Cela

e ómnibus, o mesmo que pasou co resto dos santuarios que, estando nun medio natural agreste, non estaban ao alcance de todos, en particular dos enfermos ou anciáns con mobilidade limitada. Aínda así teñen chegado aos santuarios e cumprir coa promesa, levando a algunhas persoas ofrecidas en cadeiras, en padiolas, ou en angarellas adaptadas ao lombo dunha besta ou dun cabalo; o carro tamén foi usado para desprazar a romeiros imposibilitados por outros medios, polo que os camiños debían repararse cada pouco tempo, correndo este labor a cargo dos veciños de cada xurisdición, que eran nomeados polos representantes da Xustiza Real,³⁰ ou tamén pola dos que ostentaran o señorío.

³⁰ Os propios Reis Fernando e Isabel así o mandaron na súa visita a Galicia, ao seu paso por Ponferrada, cando observaron o estado do Camiño Francés ao seu paso por esa vila berciana: «Que el gobernador del reino de Galicia, Fernando de Vega, los alcaides mayores y el corregidor de Ponferrada, pongan la gente necesaria en el Camiño Francés que va a Santiago para proteger de los ladrones y asaltantes a los caminantes, romeros y peregrinos que allí se dirigen». Archivo: Archivo General de Simancas Signatura: RGS.LEG.149908,88 Polo tanto, repetimos o que xa comentamos no traballo publicado no número 3 desta revista: se o que pasa por Ponferrada é o Camiño Francés de



Por esa razón se nomeaban fieis de camiños, é dicir, persoas responsables para facer cumprir as ordes cursadas para ese efecto e manter en condicións aceptables as vías principais.

7.2. Milagres no camiño. Romeiros de varios lugares, desde Mondoñedo a Pontevedra

Durante séculos os monxes bernardos de Monfero, o mesmo que os doutros mosteiros, propagaron o culto á Nosa Señora e a outros santos e santas, mediante homilías cheas de fervor onde se falaba dos múltiples milagres atribuídos aos patróns, santos ou santas, sinalando para convencer aos crédulos «auscultantes» unha restra de curacións milagreiras atribuídas,



Parroquia e cemiterio de Santa María de Xermade

neste caso, á Virxe da Cela, a cal, durante séculos, se venerou ao pé dunha fonte co seu nome. Entre eses beneficiados crentes citamos, por exemplo, a un mozo solteiro veciño da freguesía de Santa María de Xermade, chamado Alonso Ramos, quen acudiu en romaría, ofrecido por súa nai cando sufrira unha especie de paroxismo, á citada virxe. O rapaz regresou como fora e díxolle á súa nai que fora ela, se quería, cumprir co que prometera *motu proprio*, que el nada prometera. O caso foi, segundo o deixou escrito un dos monxes amanuenses de Santa María de Monfero, que tres anos despois repetíronse, con máis forza que antes, os paroxismos, motivo polo cal o mozo

Santiago, o resto dos camiños franceses tamén son Camiños de peregrinación a Santiago, e son camiños que estaban baixo a autoridade real, tanto os que viñan pola costa cantábrica, coma os que viñan por León, por Oviedo, ou polo resto de calquera parte dos reinos polos que atravesaba.

fixo voto de cumprir a promesa materna indo, outra vez, en romaría á Virxe da Cela, o que non fixo só, senón que:

Salió el mozo en compañía de unas mujeres que yban de Germade a Nuestra Señora de Los Remedios a Puentes Deume, a romería, a cumplir su promessa en Nuestra Señora de la Cela, y cminando todos juntos, le convenceron en el camino de que se fuese con ellas a Puente Deume, que también estaba allí Nuestra Señora y que en el cielo todas eran una, que allí cumpliría su promessa y se volverían por el monasterio de Monfero. Convencose el mozo con lo que descían y determinó yrse con ellas, **llegando todos en compañía a vista del Monasterio, a una casa que llaman Bisura, a donde se apartan los dos caminos, para el Monasterio y Puente deume.** Comenzó a pasmarse y a ponérsele las piernas hiertas en tanto grado, como si fuera de piedra, sin poder mearse. Comenzó entonces a dar voces a los que yban un poco adelante, para que le diesen un liachuelo³¹ que le llebanan en una cabalgadura. Volvieron todos a las voces y viendo el mozo le avisaron de su determinación de hir a Puentesdeume y dejar a Nuestra Señora. Pidiole su auxilio y quedó luego sano. Con que bajaron todos al Monasterio a dar gracias a Nuestra Señora donde el mozo cumplió su voto y se volvió con las mijeres que venian de Puentesdeume, a su lugar.³²

Por esta descripción coñecemos os camiños para ir, desde Xermade, en romaría á Virxe da Cela e máis a de Nosa Señora das Virtudes de Pontedeume; e por outras, a que seguían, por exemplo, os que viñan ofrecidos desde Mondoñedo, como foi o caso dunha romeira cega e tollida chamada Engracia (polo que non podía valerse polos seus propios medios), e ademais a asistencia masiva en días de romaría, que segundo veremos excedía as dúas mil persoas,

³¹ Un pequeno atadiño onde levaría algún tipo de alimento ou a ofrenda para a romaría.

³² LÓPES SANGIL, José Luis (1999): *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*. Capítulo XXXIV «Milagros que Nuestro Señor obró por medio desta imagen». A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, pp. 241-244.



tanto dos que ían a Cela, exclusivamente, coma dos que viñan procedentes doutros santuarios de renome, incluíndo tamén a Santiago de Compostela:

Engracia de Mondoñedo, ciega y tulida, vecina de dicha ciudad, vino a esta santa Cassa y, estando delante de Nuestra Señora, se levantó dando voces, sana y buena, **de que fueron testigos mas de dos mil personas** que estaban en la yglesia.

Algunhas romeiras viñan de lugares moi distantes do mosteiro de Monfero, como foi o caso de María Afonso, natural de Ponte de Sarandones «a quien tenía el demonio yndemoniada y quebrado el cuerpo por medio, sobre dos muletas, vino a Nuestra Señora y estando oyendo missa en su altar día de la Resuración, año de mill y seiscientos y veinte y uno, se durmió y, al acavar, arrojó las muletas y se lebantó sana y buena».

O camiño que seguían estes romeiros era o Camiño Francés que viña cara a Santiago desde a Ponte Ulla, e despois viña por Betanzos ata Pontedeume, As Pontes, Neda, Ortigueira e outras vilas. Ese mesmo Camiño Francés ía e viña de Pontevedra, da Louríña e Tui,³³ tanto na ida coma na volta, camiño que hoxe está tomando folgos, sobre todo o de Tui, e que é unha rota das máis antigas desa zona de Galicia, o cal se unía co de Portugal por varios puntos.

³³ Non imos aquí a abondar na importancia de Tui na historia de Galicia, só destacar que son varias as referencias documentais atopadas do nome do Camiño Francés de Tui, camiño de ida ou de volta, por terra ou por mar; o mesmo que o que pasaba pola cidade de Ourense, eran pois camiños de ida e de volta, pois os peregrinos proviñan de distintos lugares, e non sempre tornaban ás súas terras de orixe polo mesmo. Esta circunstancia dábase nos camiños que conducían a Santiago e a outros santuarios, que proviñan de lugares e nacionalidades diversas, e demóstrano algunha partida de defunción consultada como a que, por exemplo, deixou escrita, no ano 1621, Juan de Miramontes, cura dos beneficios de Codesido e Tradad, que se cita a continuación: digo que a mi noticia es venido que en casa de Juan García do Muraco se murió una Romera que decía yba para el Señor Santiago de Galicia la qual traía algunos vienes y a mi que pertenesce como tal cura propio y Vm save que ani es de costumbre en esta feligresía» A difunta chamábase María de Nadiberaste (sic) e, ademais das roupas, traía consigo «tres coronas en oro cada una de valor de trece reales menos dos marabedís cada una y quatro Reales». Ese era o motivo da reclamación do crego de Codesido. A. Notarial de A Coruña, Protocolo nº 157, de Juan da Pena, fol. 204 r e ss.

Tuí ten unha innegable importancia histórica en Galicia, polo que sería atacada polos normandos, o mesmo que Iria e outras poboacións, sobre todo nos séculos IX e X, cando o fenómeno das peregrinacións a Compostela comezaba a tomar corpo. Moitos duques e condes galegos, como por exemplo Hermenegildo Gutiérrez (o avó de, entre outros, San Rosendo, o fundador do mosteiro de Caabeiro e do de San Salvador de Celanova) foron os que repoboaron esas terras e mandaron que se fortificasen as poboacións e organizaron as súas defensas e as dos camiños que as comunicaban.



San Rosendo do Mosteiro de San Salvador

7.3. Nosa Señora e o apóstolo Santiago

A relación do apóstolo Santiago co culto á Virxe da Cela tamén se asociaba neste todo motivado pola relixión cristiá, como se recolle nunha desas testemuñas documentais que comentamos, da man do mesmo monxe de Monfero e de Catalina de Soto de San Fiz, a protagonista:

Cathalina de Soto de San Fiz, mujer de Toribio de San Juan, cayó desde la puente del río Lagares,³⁴ estando mui crecido, y la llevó por debajo del agua gran pedazo, y se encomendó a Nuestra Señora y se le **aparesció Santiago**, con unos guantes en la mano, y la sacó a una peña libre, y sin lission de su preñez. La misma tenia un becero (becerro) muy bueno, malo, y le ofreció un quarto a Nuestra Señora y le sanó luego.

³⁴ Posiblemente se trate do río Lagares que rega a zona do Peinador-Vigo; se ben non é fácil saber de que río se trata. De todas formas indica as longas distancias percorridas polo romeiros e devotas da Virxe, que de ser certa esta hipótese, seguiría o Camiño Francés de Pontevedra a Compostela. Pasando pola Ponte do Ulla.



Este tipo de mensaxes calaban no sentir popular, tendo como fin o estimular e potenciar as romarías como unha posible solución. É un testemuño pero non é o único, moitos non quedaron escritos pero si transmitidos oralmente.

8.1. Os Camiño Reais e o Francés que desde As Pontes conducían á vila de Santa Marta e viceversa: itinerarios antigos e freguesías de paso. O labor de D. Federico Maciñeira.

Itinerario 1. Santa María de Vilavella, Insua Fiz do Deveso, San Xoán de Insua, San Xiao do Ermo, Santa María de San Claudio, San Xiao de Senra, Santiago de Cuíña e Santa Marta de Ortigueira.

Itinerario 2. San Xiao do Freixo, San Mamede das Grañas do Sor, San Sebastián de Devesos (co ramal para Couzadoiro), San Paio dos Freires, Santiago de Cuíña e Santa Marta de Ortigueira.

Aínda que existe cando menos un documento, do cal xa tratamos nun número anterior desta revista, que nos fala dunha antiga vía que comunicaba a vila das Pontes coas de Viveiro e Santa Marta de Ortigueira, e do cal só lembrarei a cita que di:

et ex inde ex ubi intrat predicta aqua de Mulia Rabo in rivulo de Her-
migundi quomodo vadit aqua infestum **per ribeira ad viam que venit
de Vivario et Urtigaria.**³⁵

Esta antiga vía cruzaba o río Sor por dous puntos: polo sur, pola Ponte de Santa María; e polo norte, pola que unía o Camiño Francés, ou Real, que desde San Miguel das Negradas, atravesando a ponte das Ribeiras ou, o que

³⁵ FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio; GONZÁLEZ BALASCH, M.^a Teresa; DE PABLOS RAMÍREZ, Juan Carlos (1997): «El Tumbo de Caaveiro», *Cátedra, Revista eumesa de estudios*, 4, p. 332.



Santa María de Vilavella



San Xáo do Freixo



é o mesmo, de San Cristovo das Riberas, servía de unión ás dúas ribeiras do Sor, á do levante e á do poñente. E aínda podemos engadir outra posibilidade máis, que era a de cruzar o Sor pola ponte de Segade, ou «Sagade», que é como se escribe na documentación medieval, xa que Segade ou Sagade, provén do nome propio «Sagatus», para continuar atravesando o couto das grañas de Sor e atravesar San Xoán do Freixo nas terras das Pontes. Estes camiños históricos xa están documentados desde o séculos XIII e XIV.

Aínda que non parte deses camiños ou antigas vías, poida que existan desde a Idade do Ferro e desde os comezos da romanización deste territorio, e para tratar de comprobalo, facendo uso, ademais do estudo da toponimia, de medios actuais, mediante, por exemplo, os que achega o Siotuga, podemos comprobar que moitos deses camiños que aínda conservan o seu trazado, pasaban preto dos castros da comarca, camiños que se usarían tamén nos tempos da romanización plena do territorio da *Gallaecia*, é dicir desde os séculos II e III en adiante, pois os metais, tan necesarios naqueles tempos, e as mercadorías que movían as actividades comerciais, a curtas ou a longas distancias, evacuaríanse a través deses camiños que, ao enlazarse uns con outros, constituirían esas primeiras vías. Podemos estar no certo, ou non, pero o que si é seguro é que no século XIII as tres vilas citadas: Viveiro, Santa Marta de Ortigueira e a das Pontes de Ume, tiñan importancia dabondo para ter ese necesario vínculo de comunicación, chamada vía, debido, maiormente, á súa riqueza material e inmaterial, e á súa historia, pola que estaban unidas desde tempos pretéritos. A Coroa, a nobreza e a igrexa puxaban forte polo control deses territorios; o comercio axudaría a facer o resto.

Esas vías, camiños e veredas (que daría «brea» no galego, e «vereda» no castelán) eran pois imprescindibles para o comercio dos poboadores dos antigos territorio nos que se asentan as actuais vilas de Viveiro, Ortigueira e As Pontes, entre outras: eses antigos poboadores levaban o nome de *egosvarros*, *arronii* e *lapatiancos*, respectivamente. Eran territorios antigos pertencentes ao convento Lucense que contaba con cidades como a de Lugo como centro neuráxico protexido e fortificado; ou tamén coa de Brigantia,




Gallecia Regnum. Gerard Mercator, 1611

desde as que se exercía o control dos diversos pobos que conformaban os conventos xurídicos romanos, neste caso o de Lugo, e por extensión, os da propia *Gallaecia*. Eran pois enclaves necesarios para establecer o control das xentes e dos produtos básicos, así como o da obtención da materia prima para extraer os metais e procesalos, recursos naturais e técnicos dos que disporían os antigos habitantes desta comarca que ocupaban os tres pobos principais citados, que segundo nolo contan os cronistas romanos eran os poboadores onde hoxe se integran (aproximadamente) os concellos de: As Pontes, Moeche, Somozas, Cedeira, Cariño, Ortigueira, Mañón, Viveiro e unha boa parte da Mariña Lucense.

De todo isto, a finais do século XIX e comezos do XX, deixaron escrito diversos traballos tanto D. Antonio de la Iglesia como D. Federico Maciñeira; o primeiro parece que cuns fins distintos ao segundo, porque ademais do



interese histórico tamén o movía o material, dada a súa afección polos achados de pezas de ouro, como eran os torques, e doutros adornos, dos que chegou a acumular máis da vintena. D. Federico Maciñeira, arqueólogo feito a si mesmo, carteouso co Sr. de la Iglesia e nalgúns casos soubo dos seus achados, pero chegou tarde, porque a escavación xa estaba feita e alterado todo o seu entorno. Pese a todo, Maciñeira deixaríanos un extenso traballo, impagable, como foron, por exemplo, os mapas e as descrições de moitos túmulos, mámoas e círculos líticos da comarca, moitos deles desaparecidos por diversas obras de ingrato recordo, algunhas que se poderían clasificar como necesarias, ou menores, como as de aperturas de pistas forestais, e de ampliación de camiños, construción de estradas etc, ata as derivadas da Central Térmica das Pontes, e as da mina, que xa coñecen todos os lectores desta revista, polo que nada comentaremos xa que nada pode volver ao seu sitio. Na actualidade o uso de ferramentas dixitais citadas permítennos observar e contrastar o afirmado por Maciñeira no val das Pontes e nas serras que o circundan, que aínda que seguen sendo de moita utilidade vémonos na necesidade de recorrer ao uso dos fondos coma os da Fototeca Digital, sobre todo aos chamados «vos americanos» dos anos 1946 e de 1957, para contrastar o antedito; Por eles veremos a tremenda transformación do solo



Comparación da situación actual e o vo americano

sufrido nesta zona pola xa citada extracción do carbón da mina das Pontes e coas da construción da central térmica que se vai desmantelar proximamente, que aínda que desapareza, non se poderá recuperar o solo orixinal; e tamén polo das estradas abertas nos últimos anos, estradas e autovías que a evolución parece que fixo necesarias.

8.2. O Camiño ao seu paso por San Claudio en dirección a Ferrol e ás Pontes

San Claudio é unha parroquia ortigueiresa da que xa temos constancia documental no ano 1192 pola documentación de San Martiño de Xubia, e na que se celebraba unha das feiras máis importantes do norte de Galicia. Esta feira mensual (tódolos terceiros domingos de cada mes) comprendíase entre as quince feiras que se celebraban baixo o Foro de Benavente, o cal



Mosteiro de San Martiño de Xubia



fora outorgado, no ano 1255, polo rei Afonso X á nova póboa de Santa Marta de Ortigueira e ao territorio comprendido no seu alfoz. As outras tres feiras celebrábanse en Santa María da Pedra, en San Paio dos Freires e en San Salvador de Couzadoiro. Logo había feira no Couto de Mañón, que tamén pertencía á xurisdición do Conde de Santa Marta (a este desde o século XV), pero celebrábase só cando o tempo o permitía, segundo nolo recorda unha certificación do secretario do concello de Ortigueira feita no ano 1799.

Como acabamos de ver, esa feira e o souto onde se celebraba xa era motivo dabondo para ser un lugar frecuentado e recoñecido desde varias leguas á redonda, motivo polo cal nalgúns documentos dos século XVIII e XIX nos podemos atopar coa cita «camino que va a la feria de San Claudio». Como vemos non só o Camiño de San Andrés era coñecido e recoñecido, senón que o das feiras celebradas en diversos pobos ou vilas de Galicia ou de Castela, tamén o eran. Cando se aproximaba este camiño ao lugar onde se celebraba a feira pasábase a chamarlle camino de la feria de; algo que non nos debe estrañar porque a través da pregunta sabían se ían ben, ou se, pola contra, ían trabucados.

Xa vimos pola descrición de D. Julio Dávila, como o citado camiño que ía e viña á Feira de San Claudio pasaba por moitas freguesías, e concretamente en dirección ás Pontes polas de san Xiao do Ermo e a de San Xoán de Insua, que despois de pasar a Ponte da Pulgueira, podíase elixir se ir polas Somozas, ou ben continuar pola de Insua, Fiz do Debeso e por Santa María de Vila Vella, xa na xurisdición da vila das Pontes, onde, lembremos, existía o hospital de San Xoán, xa na parroquia de Santa María das Pontes. F16Hospital que pertenceu á Orde de San Xoán de Xerusalén, con sede en Portomarín, e co priorado de Santa María de Régoa, a quen tamén pertencía o santuario de Santo André de Teixido; elíxese o termo recoñecido pola RAG de André, se ben na documentación consultada dos século XI ao XIV, escríbese Santo Andrea.

Do paso deste camiño por San Claudio, como no principal, temos varias citas documentais, e nesta ocasión transcribiremos unha pola súa claridade e extensión, a cal está sacada dun documento do ano 1632 que, á súa vez, recolle a venda do Lugar dos Barreiros de Riba feita en Madrid no ano 1625.



Antigo hospital de San Xoán nas Pontes

8.3. Camiño Francés ao seu paso por Axilde, San Claudio

Outro lugar de San Claudio polo que pasaba o Camiño Francés, ou Real, era o barrio ou aldea de Axilde, que era un lugar intermedio entre o anterior cruce de camiños e a parroquia de San Xiao do Ermo, por onde continuaba ata San Xoán de Insua onde estaba a Graña de San Miguel de Mera, anteriormente citada.

Pola aldea de Axilde pasaba tamén o Camiño Francés que ía e viña da granxa de Saa, en San Xiao de Senra, que como xa se deixou dito, tamén pertencía aos monxes de Santa María de Monfero, e xuntábase co que viña de San Claudio e pasaba polo lugar dos Barreiros —onde se fundaría o hospital de peregrinos de San Claudio no ano 1668— saíndo deste lugar o ramal citado e mais o que ía a Ponte Noval, na parroquia de Santa María de Mera. Como proba do antedito achegaremos unha cita extraída dun documento notarial³⁶ do ano 1643:

³⁶ Documento feito polo escribano Juan de Luaces, fol. 75 r. ARG, Sección 7.^a, Serie Ferrol 4.874, Legajo 1318, n.º 11.



conviene a saber que así le bendió y dio en esta venta terretorio y heredad pa ssembradura de doze toledadnos de pan en el monte que se dize das Teixeiras sito en la dha feligresía de San Cloyo ssegun que es conocido dho monte y testa por laparte de baxo en el **Camino Francés que va da Xilde para la Lama da Cancela** y por la parte del nordes en heredad del lugar de Pineiro en que vive Br^{nal} de Budueira y de los herederos de Juan Pernas de Serantes y de Mateo Lopez y del lugar da Xilde y por el vendaval testa en heredad de la dha María Fernández de Lago, vendedora, quees tambien del lugar da Xilde como se va en el carrero arriba.

Polo tanto estes lugares de paso eran importantes pois podían achegar axuda, se fora o caso, aos camiñantes, axuda e protección.

Estes camiños eran coñecidos e moi transitados, e este especialmente pois, ademais do que levamos dito, tamén pasaba por diante do hospital de peregrinos de San Claudio, o cal fora fundado no ano 1668 polo licenciado Juan Díaz Tenreiro, e o lugar elixido foi o dos Barreiros, próximo a ese cruce de camiños Reales que describimos anteriormente. Por se fose pouco, outro ramal do Camiño Francés pasaba polo lugar do Goimel, o cal se unía ao ramal anterior que, pasando polo lugar da Poupada se dirixía ao barrio de Axilde, ou, se nos desviamos á dereita, a Ponte Noval en Santa María de Mera. Camiño Francés este último que pasaba polo Couto de Malados, San Sadurniño e Neda, ou tamén polas terras de Cedeira; Camiño Francés recoñecido polo que, pasando polo lugar do Hospital, e por San Xiao e San Xiao de Montoxo (enlazando así co que viña de San Xiao dos Ósos en dirección a Santo André), San Román de Montoxo e San Cosme de Piñeiro, se adentraba na citada vila. Camiños que levaban e traían xentes de toda clase, incluídos os peregrinos e os romeiros que de cando en vez deixaban mostra do seu paso, como o dunha romeira que se puxo de parto na Capelada vindo (ou indo) de Santo André.

O camiño que se describe, ao seu paso por San Claudio, chegaba a San Xoán de Insua despois de pasar por varios lugares de San Xiao do Ermo;

bordeaba as posesións dos lugares de San Miguel de Mera (onde se conserva aínda a capela dese nome), e o da Pulgueira, lugar este no que se conservan, nas paredes dunha casa, unhas pedras con gravados incisos que comentaremos. Son unhas labras burdas, sen moita calidade na súa execución, que poden inducir a confusión pero que, debido aos símbolos que se gravaron na pedra recordan, polo menos un deles, o da Orde de San Bernardo de Claraval, os cales tamén se atopan no muíño de Saa en Senra, muíño que pertenceu tamén aos cistercienses de Monfero, distante uns centos de metros do lugar da Granxa, onde se asentou a explotación agrícola cisterciense e o monxe encargado dela.

9. O influxo das ordes relixiosas na comarca. Os camiños polos que corría a vida dos monxes, dos romeiros e dos comerciantes.

Continuando co exposto e tratando de concretar, engadirase que os camiños desta extensa comarca toman nome coñecido a partir dos séculos XII e XIII, séculos nos que comezan a aparecer referencias a eles, como o caso citado da vía que unía Viveiro, Santa Marta e As Pontes; pero será a partir do século XIII, e sobre todo no XV e no XVI, cando atopemos unha relación clara coa súa función e nome, ou citas relacionadas con algunha das ordes relixiosas que se asentaran nesta ampla zona, o que repasaremos a continuación.

Coñécese a existencia de varias ordes relixiosas que posúen bens por algúns dos antigos territorios desta ampla zona do noroeste galego, sobre todo a partir dos séculos X, XI, XII e XIII, cando aparecen os primeiros documentos, e por esta orde de: San Martín de Xubia, San Xoán de Caaveiro, Santa María de Sobrado, Santa María de Oseira, San Miguel da Coelleira, Santa María de Meira, San Salvador de Pedroso, Santa María de Monfero, Santo Domingo de Viveiro, San Francisco de Viveiro, Santo Domingo de San Marta, San Francisco de Ferrol, e outros que non imos describir por non facer moi extenso este traballo pero que tamén tiveron influencia por esta



Mosteiro de Santa María de Sobrado



Mosteiro de Santa María de Oseira

zona. Estas coleccións diplomáticas foron publicadas e son coñecidas, e por elas vemos como e onde se van asentando estas ordes relixiosas, adquirindo, pouco a pouco, as diversas propiedades que conformarán o patrimonio dos citados mosteiros o cal, ao ir aumentando, era necesario visitar e percorrer a pé, revisando e marcando lindes, con pedras chantadas e con cruces, é dicir, apear, para así comprobar se esas lindes foran alteradas e, polo tanto, a extensión das propiedades da Orde en cuestión; así como tamén a súa produtividade, a cal dependía do traballo dos foreiros e de como viñera o ano; estes datos deixáronos escritos os monxes amanuenses nos chamados apeos. Polo escrito neses apeos coñecemos, ou podemos coñecer tamén, os tipos de vías e a función deses antigos camiños, así coma das súas modificacións, segundo a necesidade, así como os nomes dos lindeiros, dos camiños, das fontes, dos cruceiros, dos muíños e doutros tipos de servizos, ou bens, descritos, onde se recollen tamén os accidentes xeográficos, as pedras chantadas, os marcos, as mámoas e os *moimentos* ou medoñas, existentes nas súas terras.

Polo asentamento desas ordes relixiosas na comarca coñeceremos tamén os nomes de moitas desas propiedades; nomes antigos, algúns de procedencia prerromana, latina, ou xermánica, maiormente. Sabemos tamén o nome dos cultivos máis habituais, dos froitos das árbores e das súas variedades, de cando había que recollelos (nalgúns casos, coma o da vide, o viño xa estaba feito en agosto), do valor das rendas, o nome dos lugares onde se elaboraban algúns produtos, por exemplo o viño ou a sidra, e o nome dos recipientes onde se almacenaba ou transportaba; así como tamén os nomes dos lugares, ou edificios, onde se gardaba o gran, que era nos *horreum* ou *orrea*, ou os *cabazos*. Coñecemos tamén o nome das unidades dos pesos e das medidas empregadas e o seu valor monetario segundo a demanda, ou en especie, de todos eses produtos; en fin, coñecemos parte da historia e de como se escribiu porque se conservan os documentos escritos, feitos na maior parte dos casos, por freires amanuenses ou por escribáns dos mosteiros pertencentes aos seus coutos, ou xurisdicións, fosen ou non Reais, que o facían con inte-



reses fiscais e de rendibilidade. Segundo a riqueza así era o canon foral, e segundo a zona onde estiveran esas propiedades, tamén.

9.1. As antigas vías de comunicación entre santuarios, mosteiros, granxas e vilas: un recurso histórico, cultural e turístico

As antigas vías de comunicación entre santuarios, mosteiros, granxas e vilas constitúen un recurso histórico de incuestionable valor cultural e turístico para levar a cabo un proxecto común integrador que axude no desenvolvemento comarcal da zona Eume-Ortegal.

Seguindo pois o fío da historia destes asentamentos relixiosos, a partir dos seus datos iniciais, podemos relacionar tamén as vías de comunicación entre eses centros de culto relixiosos asentados pola contorna (seguiran a regra beneditina ou calquera outra das que viñeron despois reformando a anterior, coma no caso do Císter; as que procuraban illamento físico, oración e traballo) que, nos seus comezos, estaban apartados dos núcleos de poboación importantes, pero que, pouco a pouco, acabarían relacionándose con eles; primeiro fixérono cos núcleos de poboación menores e despois cos maiores. Entre os primeiros estaban, por exemplo, os vicos, as villae rurais, e incluso cos habitantes dalgún castro que aínda estaba ocupado; entre os segundos figuraban os burgos e as incipientes poboas, que deron lugar, en moitos casos, ás vilas e ás cidades que, nun momento histórico concreto, foron amparadas cun Foro Real, como acontecería nos casos de Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Neda, Ferrol ou Pontedeume. Parte do antedito compróbase documentalmente desde finais do século XII (no caso de Ribadeo), ata finais do XIII, coma foron os casos de Pontedeume ou de Ferrol, cuxos foros son posteriores ás vilas como as de Viveiro (a comezos do XIII) ou Santa Marta de Ortigueira, constituída como nova poboación no ano 1235 e amparada polo Foro de Benavente no 1255. Todas esas vilas citadas estaban comunicadas por mar e por terra, neste caso por camiños de a pé, de cabalgadura ou de rodadura,

os que co paso do tempo, e por cuestións de seguridade para as persoas e as mercadorías transportadas, deron lugar, co paso do tempo e do uso, aos chamados Camiños Reais, o Camiño Francés, que tomaron ese nome despois de ser recoñecidos e amparados polo poder Real, de aí que tamén se chamasen Camiños do Rei, ou Reales, a todos eles, incluído o Francés. A Coroa aproveitou o feito pola necesidade e obrigou á protección deses camiñantes mediante a implantación de sistemas de vixianza e garda, como foron a construción de castelos e de vilas fortificadas ao paso deses camiños que comunicaban os antigos e os novos núcleos de poboación, e mais os principais centros de culto do territorio. A necesidade e o comercio entre poboacións e territorios fixo o resto. A relixión actuaría como correa de transmisión do culto cristián en todos os reinos e señoríos da península, tal e como se viña facendo desde o resto dos países da Cristiandade, desde tempos de Carlomagno e dos reis astures, estes últimos propagadores do culto santiaguista a partir do século IX. Desas orixes nacerían os primeiros camiños desde Francia e desde San Salvador de Oviedo a Compostela.

As dióceses e os bispos fixeron un labor enorme nese sentido propagador, no caso desta zona, desde Iria,³⁷ á que pertencía este territorio no século IX, ata os de Britonia e despois o de Mondoñedo.

Facendo un percorrido polos santuarios que tiveron unha temperá importancia por esta zona débese comezar polo mosteiro de San Martiño de Xubia, documentado desde o século X en adiante; o de San Xoán de Caa-veiro- desde o século X, o de San Miguel da Coelleira do que contamos con datos a partir do ano 1095 e 1099; o de San Miguel das Negradas desde os anos 1124 e 1128, o de San Salvador de Pedroso desde o ano 1111, o de Santa María de Monfero desde o 1148, os de San Paio dos Freires, en Ortigueira desde o 1192, ou o caso do de Santo André de Teixido do que coñecemos

³⁷ A sé da diocese de Iria (Santa Alla de Iria) trasladaríase a Compostela no ano 1095, e o ano 1122 os arceprebostados de Labacengos e de Arros, onde se incluían As Pontes e Ortigueira, respectivamente, pasarían definitivamente ao bispado de Mondoñedo, cuxa sé, itinerante, ocuparía varios lugares, desde San Martiño ao val de Bría, ou a Ribadeo, e así ata Mondoñedo, no lugar que ocupa na actualidade.



Mosteiro de San Xoán de Caaveiro



Mosteiro de San Miguel das Negradas

dous documentos, un do ano 1182³⁸ e outro do 1192, polos que a Orde Hospitalaria de San Xoán de Portomarín recibe diversos bens, primeiro de Dona Urraca González e do seu marido Froliá Ranemiro, bens que proviñan do pai da primeira, o Conde Gonzalo Fernández: «in terra de Cedeira unam dictam Regula et alian Teixidu», sen citar a existencia dun Mosteiro en Teixido; o que si aparece na doazón feita, no ano 1192, por Suero Menéndez de Traba, neste caso a favor de San Martiño de Xubia.

Existiron outros mosteiros, como acontecería no caso da vila de Viveiro desde o século XIII, co establecemento das ordes mendicantes de San Francisco e San Domingos; e no da vila de Santa Marta desde o 1303 cos dominicos; ou a do Priorado de Saa (en San Xiao de Senra) desde a súa fundación, feita por Fernán Pérez de Andrade no ano 1373; e aínda poderíamos destacar un asentamento templario, o de Santa Alla de San Sadurniño, documentado e recordado, se ben non se conservan máis que dúas citas documentais, lugar polo que pasaba o Camiño Francés que comunicaba Santa Marta de Ortigueira con San Pedro de Anca. Abonda con esta lista, se ben estímase necesario resaltar estes datos por diversas e importantes razóns: unha, pola súa importancia como centros de culto no territorio, aos que axudaron a vertebrar (dos que se foron perdendo moitos datos porque non se conservou a documentación escrita, ou foi moi pouca a que chegou aos nosos días) mediante os que promoveron as promesas dos crentes de cumprir e

38 GARCÍA TATO, Isidro (2004): *Las encomiendas gallegas de la Orden Militar De San Juan de Jerusalem. Estudio y edición documental*, Tomo I: Época medieval. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas (España) - Xunta de Galicia. Doc. 39, pp. 140 e 141. No documento 19 aparece a doazón do Conde Gómez González e da súa dona Urraca González, feita no ano 1171, que leva por título «Karta de Texida et Regula». Por estas doazóns vemos os comezos da relación da Orde Militar de San Xoán de Xerusalén con Santo André de Teixido e con San Paio dos Freires, o primeiro en terras de Cedeira e o segundo na de Ortigueira, que neste caso arrinca no ano 1171. As propiedades de San Paio dos Freires pasarían á casa de Andrade no século XIV, e poida que este santuario pertencera, nalgún momento, á Orde do Temple, se ben o que sabemos de certo é a súa pertenza aos citados condes é a Orde de San Xoán, ou dos cabaleiros hospitalarios, que posuiron o Hospital dese nome na vila de As Pontes, polo que o Camiño Francés de Santa Marta de Ortigueira á vila de As Pontes tiña unha relación perfectamente documentada e xustificada, o mesmo que os ramais que ían cara a Cedeira, a Neda e a Trasancos.



San Sebastián de Devesos


ir en romaría a eses lugares sacralizados polo cristianismo, pois á hora da enfermidade ou da morte, nada se escatimaba. A outra razón foi a contribución ao comercio seguro entre as vilas, así como as das grandes rotas de peregrinación como eran Roma, Xerusalén, Santiago de Compostela, e xa na nosa contorna: Santo André de Teixido. O do comercio queda pois sinalado, e a defensa desa circunstancia era a da celebración segura das feiras que tamén se realizaban no entorno de varios deses santuarios con motivo dos días grandes das romaxes, tanto en Santo André (que duraba todo o mes de novembro) como en Santa María de Portas, en San Sebastián dos Devesos, ou noutros lugares de culto similares; feiras sen privilexios reais, pero feiras ao fin e ao cabo, onde, despois de render culto ao santo ou santa correspondente, podían mercar, trocar ou vender os produtos necesarios para a


vida da familia e da comunidade parroquial á que pertencían, tanto das rurais coma das urbanas. Comerciantes e romeiros mesturados cos freires e cos monxes que atendían o recinto e percibían os dereitos correspondentes para así continuar celebrando os cultos divinos e manter a súa propia comunidade.

Conclusión

Todo ese pouso cultural e patrimonial, unido ao medio natural da conca do Eume e da súa contorna, abre a posibilidade de levar a cabo un gran proxecto unificador de recuperación do trazado e recuperación deses camiños históricos, e concretamente do Francés, e facelo de forma colectiva, mancomunada, mediante a xestión dos concellos e das provincias afectados, onde se integre o labor e o traballo de investigación histórica daquelas persoas expertas; elaborar e acordar un proxecto integrador, que sume, que non diminúa, pois a responsabilidade da súa posta en marcha debe ser cousa de todos, cada un na medida das súas capacidades. Os camiños non rematan onde acaba a miña parroquia, nin o meu concello, nin a miña provincia, nin o meu país: os camiños históricos son, e deben ser, patrimonio da humanidade, pero contando coa historia de xeito imparcial, sen exclusións e sen necesidade de comercializar coa historia nin ao antollo duns poucos oportunistas que están de paso por este camiño, no que tan só ven un nicho de mercado; do seu mercado e da súa mercancía.







Engambas Meras

3^{er} de Linces, R. de Enevez de Enevez

A Castiela de Aidal

A Castiela de Enevez

A Vilavelha. O Camiño das Canteiras. O Camiño do Azeiteiro. O Camiño de San Vicente.

A Vilavelha



Apéndice documental

Doc. 1. «A nosa Granía de San Miguel de Mera (situada na actual parroquia de San Xoán de Ínsoa) que jaz no couto de sta Marta».

Datos: pergameo do ano 1399.

Fondo: Galiciana.

Transcripción:

Sean qantos esta carta viren como nos don frey (...) do moesteiro de Sta Maria de Mofero (...) frei Lopo (...) q aforamos a vos P^o Galva escudeiro fillo dafon (Afonso) Pernas de Sta Marta y a vos moller Constanza Lopez para en todas vosas vidas ... a nosa **grana de Sat Miguel de Mera couto y terminos de de Sta Marta** con todas las herdades y chantadas y por chantar casas y casares pertenecientes y decimos que por esta a dita grana y herdades por tal plito y dreco vos aforamos y emplasamos a dita grana y herdades q ha si tedes donde ellas jouin(...) ... da dita herdade y chantadas ...testigos Rui Pernas y Ferna Perez de Vilasuso, escudeiros do dito Pedro Galvan y Lco Eans clerigo de sta M^a de Gestoso y... Calcas y Al de valcovo criados do dto abade.

Nota: Facíase necesario para dirixirse a unha ou a outra granxa, en tempos de sementeira ou de recolleita, pasar por diversos lugares, e mesmo por outras granxas, tendo que pousar, se as tiñan, na súas casas existentes nas vilas máis próximas, como era o caso das Pontes, onde tiñan, cando menos, unha vivenda aforada, coa súa praza, a un matrimonio, contrato que incluía a pousada completa dos frades cando foran de paso nun deses percorridos habituais; tal e como se recolle na transcripción do documento que se transcribe a continuación.

Doc. 2. Unha casa na vila de As Pontes que servía de pousada dos monxes de Monfero, vista por un documento de foro do ano 1404, foro que se repetiría en dúas ocasións, poucos anos despois. **«A qla nosa praca q jay ena dita vila das pontes».**

Sabean quantos esta carta viren como nos dom frey johan lco abade do moesto de sta ma de mofero y frey afon piom y frey lopo soprior et o qveto do dito moesteiro sendo juntados en noso cabidoo sego q a vemos de huso y de custume damos y aforamos a vos lopo de ydral morador y ena vila das pontes y vosa moller ma de gonderre po y en todas vosas bidas et de vosos fillos y fillas et netos ata o postremeyro de vos como vayan y du q fiqi e nos outros **a qla nosa praca q jay ena dita vila das pontes** a qal dta praca fuy de johan eans noth q fuy desos coutos de mofero **como de pte de hu cabo da casa de lopo bicente et da out^{ra} pte fay testa ena praca do dito moesteiro q tina aforada frna daveyga y da out^{ra} pte sal ena rrua da ribeira et da outra pte e na rrua grande** esta dita praca vos damos y aforamos p tal plyto y mdico que a fasades de parede boa et de madeyra q seja boa casa en estes cinco anos primeiros q ace hus apos out^{is} et q nos dedes por rrenda da dita casa en cada hu ano dous mrs a des drs por mrvedi **et quando o abade ou moges ou frades do moesteiro de mofero chegare a villa das pontes q lles dedes pousada y mesa y mantees bee lavados et fogo y sal y pichees dentro ena dta casa** et pa esto q vos qarcamos a rrenda de ciqi anos primeyros quee, et eu lopo de ydral q psente ssoo rrecebo por my y cola dita myna moller et fillos y netos sobre dtos et oblygamos a paga y a dita rrenda et nos o dto abade y qvento outorgamos vos la casas de pte pnos y polos bees do dto moesto e no dito tpo et qal qr de nos ptes sobre dtas q n esto para y et o asy no cplan q peyte a outra pte y a vos del rrey de p meo quinientos mrs de husal mon et esto fiqi firme et q esto seja cto nos pces sobre dtos mandamos en desas duas cartas fechas eihutynon a cal hua como outra ftas p noso feas eno dto moesto, dia q.....dias do



mes de juyo ano do nascem^{to} do nosos señor salvador jhu xpo de mill
y qtrocentos y qtro anos, ts domingo de pinoe y johan peceno y ...fey de
ydral y frey gomes frade do dto moesto de mofero e out^{os}---

Eu affonso eans notrio pppo del rrey e nos coutos de mofero a esto
presente fun y escrivin y pono aqi meu nome u signo p p p

Doc. 3. O Camiño Francés polo lugar de Cheiván, Sta M^a de Vilavella, Fronzal e San Antonio da Pena Eiriz. «**Y testa dho lugar pr la parte de arriva y de la mar en el Camino Franzes que va de san Antonio de la Pena Eiriz para el Fronzal**»³⁹

Escritura de venta de D. Antonio Freire de Serantes contra dona Mariana de Soto y Rs viuda de Pedro Glez.

Fol 38. Marzo 16

En el lugar y feligresía de San Jorje de Moeche diez y seis días del mes de marzo del año de mil sietecientos i quatro ante mi ssno presente parecieron e son presentes Mariana de soto i torres viuda onesta que quedo y finco de Jacinto V Núñez ss^{no} ahora difunto y heredera del Ldo Juan de Torres y Soto su hermano ahora tanvien difunto y Pedro González das Barbelas labrador, vecino de la dha fsia de Santa María de Labacengos como cesionario del dicho L^{do} Juan de Soto en la mitad de los vienes de Ysabel y Maria de Piñón ermanas becinas que fueron de la fsia de San Martiño de Zeerdido y la dha Ysabel de Piñón al presente becina de Santa María de Regoa que le avian donado al dho Lido Sotto pr escrtitura que paso pr testimonio de Diego López ss^{no} que fue de su magestad y del número y audiencia desta Juris^{on} de Moeche ahora difunto y los dhos otorgantes por si y en nombre de todos sus hijos ere-

³⁹ Agradecemos esta achega documental a D. Fernando Campos, a súa disposición e altruismo para co autor. Fondo APHC, sección Protocolos Notariais de Ferrol, do escribán Álvaro Sanjurjo de Montenegro, protocolo do ano 1704.

deros i suzesores que despues dellos binieran o suzediren juntos de man comun a voz de uno y cada uno dellos por si pr el todo insolidum renunciando como expresamente renunciaron las leis de duobus leis debendidi...que por quanto la dha Maria de Piñon se avia fallecido y pasado desta presente vida algunos años antes que muriese el dho Ldo Soto y avia recaído la erencia della en el susodicho como tal donado y entre otros vienes y le avia tocado pr dhaera la mitad enteramente de la cassa del lugar de Cheiban conde al presente bive por colono y cassero Pº Fermoso sito dho lugar en la fsia de Santa mª de la Vª Vieja Jurisdiccion de las puentes de García Rodríguez p la otra mitad que tocava a la dha Isavel de Piñón con los demas vienes ders y acciones que les tocavan lo tienen cedido y traspasado en don Antonio Freire de Serantes becino de la fsia de San Martin de Vilarrube para el i todos sus erederos pr escritura que paso por delante Antonio Fernández Espantoso escribano de su majestad y de numero de la Jurrisdiccion de Meroi y vecino desta dha feligresia a que siendo necesario dijeron se referian y por tanto dijeron que por el tenor de la presente bendian y bendieron davan y dieron en venta rrl firme y verdadera desde ahora para siempre jamas ...la mitad de la dha **casa y lugar de Cheivan** con la misma parte de corrales guerto aira entradas y salidas eredades brabas y mansas montes sotos fragas arvoles de dar i no dar fruto molinos y postas dellos, soveiras según al presente esta i lo avian reservado para si en dho ssrio de zesion con que lo aze el comprador enteramente suio y **testa dho lugar pr la parte de arriba y de la mar en el Camino Franzes que va de san Antonio de la Pena Eiriz para el Fronzal** y en azienda del lugar de Pº Lopez da Barosa y en azienda del lugar donde bive Carneiro de Cheyban pr el bendaval en azienda de los lugares que llaman do Castello y en lugares da Esfarrapa y lugar do Couze Blanco según todo es bien conocido por sus limites y demarcaciones antiguos y lo labran y posee el dho Pedro Fermoso como tala casero... (Continua)»



DOC. 4. Venta de Juan Díaz Tenreiro, clérigo⁴⁰

Sepasse por esta pública escritura de venta como yo Luis de Torres vezino de la villa de Santa marta digo que por cuanto Hernando Paz Mexía hixo lexítimo y heredero iniversal de Alonso Paz Mexía y María Tenreira de Lama, difuntos, vezinos que fueron desta feligresía de San Cloyo estando en la villa de Madrid Corte de us Magestad bendió a Amaro de Torres mi hermano, veedor del Conde de Monterrei, el lugar que llaman dos Barreiros de Arriba, sito en esta feligresía de San Claudio con todo lo el anexo y perteneciente que hera un suelo de casa que hestaba caida y otra pequena que estaba arrimada a ella, con su huerta de arboles frutales y corrales, entradas y salidas, y una heredad grande que esta pegada a la dha cassa con la bina y soto que esta dentro della que esta toda ella por la parte **en el camino rreal** cercada de muro y por la parte de arriba deraella a dar hasta llegar al rrio y toda ella a la par con la dha del rrio de Barreiros y un soto que esta pegado con la dha heredad **que linda en el Camino rreal** y con molino de Ysabel Diaz y con la dha cassa y mass arriba según hestá todo demarcado y la leira de la Pedreira por otro nombre llamada la cortiña del molino **que está en medio de os caminos reales** y linda por otra parte con la rega y soto del acemedir(sic) y otras dos heredes de monte que están mas arriba y lindan y lindan con el Camino Real // fol // hasta llegar al arroyo de Aguabar con todos los demas montes fuentes y pardos heredades sotos y binas mimbrales, nogales, guindales y demas arboles (Continua)

No folio 197 do citado protocolo figura a venda feita por Luis de Torres e a súa dona a favor do crego de San Claudio, Juan Díaz Tenreiro, que fundaría neste lugar dos Barreiros o «Hospital de pobres e peregrinos de San Claudio», próximo a estes dous camiños Reais que ía e viñan para As Pontes de

⁴⁰ Arquivo Notarial da Coruña, Protocolos notariais de Ortigueira, do escribán Andrés Cortés, fol. 196 e ss. 1632.

García Rodríguez ou, mediante a Ponte de Noval, en Santa María de Mera, os que ían para Cedeira ou atravesando o couto de Malados, para San Sadurniño e San Pedro de Anca, enlazando así co resto dos camiños que se xuntaban nesta última freguesía e comunicaban con Santiago de Compostela, como xa se veu pola documentación citada no presente traballo. Nos documentos do século XVI e XVII combínanse, e repítense, os nomes de Camiño Real e o de Camiño Francés.

O hospital de peregrinos de San Claudio tiña así comunicación viaria co resto dos hospitais coma os de Viveiro, As Pontes, Cedeira (da Magdalena), Santa Marta de Ortigueira ou Neda; todos eles tiñan funcións similares de acoller aos pobres e aos peregrinos que transitaban por estes camiños, e de facelo percorrendo eses tramos nunha xornada, a distancia que separaba as citadas vilas para unha persoa con boa saúde.

Doc. 5. Relativo ao trazado da Estrada Xeral de Liñares a Santa Marta

Este documento foi elaborado no ano 1856, por don Leandro Pita y Lamas,⁴¹ delegado de camiños do Concello de Ortigueira. Naquel momento estíbese realizando o trazado da nova estrada, así como se estaban construíndo as pontes de Río Maior e a de Mera. Os camiños clasifícanos, naquela época, de 1.^a, 2.^a, e 3.^a orde, e así os de Loiba, ou de Espasante serían de segunda, e o Real era o de primeira; a carta, ou mapa, pola que se guiaban era a elaborada por Domingo Fontán (Transcríbese o máis interesante para o caso).

... espresa el Director: que enterado detenidamente del estado de delineación, trazado y dirección del camino vecinal de primer orden que de Ferrol conduce a la Villa de santa Marta, cree conveniente su actual Dirección y trazado en la parte que está roturado desde dicha villa hasta la casa de Antonio del Río de la parroquia de Senra, y desde este

⁴¹ Avó do destacado político e abogado ortigueirés D. Leandro Pita Romero.



punto a la feria de san Claudio se halla una variación según la delineó y trazó el director Sr. Rosendo aprobada por el Gobernador Sr. Ermida: que desde la feria de San Claudio al Puente Nobal y Distrito de Cerdido se debe ejecutar su trazado en debida forma por ser defectuosísimo el que tiene en la actualidad en que sus rápidas pendientes hacen difícil cuando no imposible su tránsito y conservación. Que en el camino vecinal de segundo orden que de la Feria de San Claudio conduce al Puerto de Cariño, es de parecer siga su actual dirección hasta la cuesta de Carrera Cavada en donde debe variar faldeando el monte de dicho nombre y el de las Pedreiras hasta empalmar otra vez al mismo camino en el Pasadoiro, siguiendo por el actual al puente de Mera, y puente de Subsavila, hasta la cuesta de las borrallas en que debe variar faldeando el monte de dicho nombre por la derecha del camino hasta el pueblo de Sismundi donde empalma con el actual, siguiendo por el Puente de la Ortigueira hasta el Puerto de Cariño. En él se deben construir los puentes de Mera y Ortigueira y los pontones de Subsavila y Tallabragas. Este trazado se juzga conveniente por evitar grandes expropiaciones que habría que hacer, consiguiendo con las pequeñas variaciones que propone reducir las pendientes excesivas que tiene en la actualidad a un cinco por ciento. **Que los caminos vecinales de segundo orden que de la Feria de San Claudio conducen a Vivero y a los Puentes de García Rodríguez, por el Puente de Sá,** cree conveniente se ejecute el trazado y delineación con el detenimiento que requiere, pues siendo sumamente quebrado el terreno que cruzan con pendientes rápidas y difíciles de vencer, es imposible poder indicar ninguna variación y mucho menos las obras que habrá que ejecutar sin un detenido estudio. Que lo mismo debe de hacerse con el de segundo orden que de Santa Marta va a Couzadoiro a empalmar con el de San Claudio (este camión cruzaba por Senra e por San Paio dos Freires ata San Salvador de Couzadoiro). Y en el de segundo orden que de Santa Marta va a Loyba Barquero y Bares, necesita repararse en toda su extensión

dándole el ensanche necesario, abriendo cunetas y rectificando su trazado en las cuestas de Loyba y Espasante. Que los caminos vecinales de tercer orden necesitan repararse todos hallándose en la actualidad intransitables la maior parte por las zarzas, ramas y otros estorbos que obstruyen el paso y por los deterioros causados por las aguas y carros, sin que se hayan reparado hasta ahora. En muchos de estos caminos es necesarios darles el ensanche para que puedan cruzar dos carros cómodamente en vuelta encontrada, no llegando en la actualidad la que tienen a ocho pies (menos de 2,32 metros, pola medida antiga), careciendo todos ellos de cunetas que faciliten el desagüe, siendo esto causa de su maior deterioro. Él propone que se haga detenidamente el estudio del camino vecinal de San Claudio a Vivero, le aconseja la gran importancia de esta vía de comunicación entre los distritos de Betanzos, Ferrol y Ortigueira, con Vivero, Ribadeo y parte de Asturias, careciendo por otra parte estos Distritos de un camino regular que los comunique entre si... que el camino de primer orden que de esta Villa conduce al Ferrol es muy interesante porque va atravesando un territorio fértil y uno de los más hermosos de la Provincia, pero que en el día se encuentra atrasado a causa de la absoluta falta de comunicaciones y de hallarse completamente aislado. (Continúa).⁴²

⁴² Fondo: copia no Arquivo particular do autor.

